

ACTUALIDADE XURÍDICA

Coordinador: Xulio Costas Comesaña

- Xulio Costas Comesaña.
Notas Sobre a Lei de Cooperativas da Rioxa.
- Isabel Sánchez Cabanelas.
O Regulamento do Rexistro de sociedades cooperativas de ámbito estatal.
- Manuel José Vázquez Pena.
Proposta de Regulamento sobre o Estatuto da sociedade cooperativa europea: Proposta transaccional da Presidencia española de 12 de abril de 2002.
- Julio Costas Comesaña.
Apuntes sobre a nova Lei de Crédito Cooperativo de Estremadura
- Anxo Tato Plaza.
Nova xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre o devengo de intereses no reembolso das achegas ó capital social.
- Encarna Dávila Millán.
Cooperativas de Traballo Asociado: impugnación de acordos sociais por denegación de asistencia á Asemblea a socios suspendidos de emprego (Comentario á sentencia do Tribunal Supremo de 28 de decembro de 2000).
- Miguel Angel Bouza López.
¿Arbitraxe cooperativo?
- Miguel Ángel Bouza López.
Os socios dunha cooperativa de promoción oficial son copromotores e deben fazer fronte a tódolos gastos da promoción.

- Xacobo Izquierdo Alonso.
Consecuencias patrimoniais da baixa do socio. Comentario á sentencia da Sección 4ª da Audiencia Provincial da Coruña, de 19 de xaneiro de 2001
- Xacobo Izquierdo Alonso.
Automatismo da baixa do socio por impago das cotas sociais. Comentario á sentencia da Sala 1ª do Tribunal Supremo de 4 de maio de 2001.
- Xacobo Izquierdo Alonso.
Natureza da baixa dunha sociedade cooperativa. Comentario á sentencia da Sección 1ª da Audiencia Provincial de Toledo, de 9 de maio de 2001.
- Xacobo Izquierdo Alonso.
Control xurisdiccional dos acordos sociais. Comentario á sentencia da Sección 1ª da Audiencia Provincial de Córdoba, de 2 de xuño de 2001.

NOTAS SOBRE A LEI DE COOPERATIVAS DA RIOXA

Julio COSTAS COMESAÑA

No ano 1995, mediante o Real Decreto 944/1995, do 9 de xuño, se traspassou á Comunidade Autónoma da Rioxa as funcións e servicios da Administración do Estado en materia de cooperativas. Mais tarde, a través da Lei Orgánica 2/1999, de 7 de xaneiro), se engade a materia “cooperativas” á lista de materias de competencia exclusiva do artigo 8 do Estatuto de Autonomía da Rioxa (aprobado pola Lei Orgánica 3/1982, de 9 de xuño).

Sobre esta base normativa, o lexislador autonómico considerou necesario e prioritario a promulgación da primeira Lei de Cooperativas da Rioxa que “asustada ás especificidades propias da Comunidade Autónoma e adaptada ás estructuras económicas actuais, permita ás cooperativas desenrolarse económica e empresarialmente e contribúa eficazmente a fomenta-la creación dese tipo de sociedades e ó fortalecemento das mesmas”.

Para conseguir ese obxectivo prioritario, de dotar ó sector cooperativo da Rioxa dunha regulación “avanzada e flexible”, a “*Ley 4/2001, de 2 de julio, de Cooperativas de la Rioja*” (BOE núm. 172, do xoves 19 de xullo. LCR, en diante), por unha banda, potencia a autorregulación da sociedade cooperativa conferindo un maior grado de autonomía ós socios a través dos Estatutos sociais, permitindo que unha boa parte do seu contido se determine dende a realidade particularizada de cada sociedade, e, por outra, define e delimita as competencias e responsabilidades no exercicio das súas funcións dos órganos sociais (Exposición de Motivos).

A LCR consta de 142 artigos (os mesmos que a Lei de Cooperativas de Galicia. LCG, en diante), estructurados en tres Títulos de extensión moi dispar, pois o Título I, baixo o rótulo “De las Cooperativas”, conten a normativa común de aplicación a tódalas cooperativas, abrangiendo dende o artigo 1

ata o 102, estructurados en nove capítulos. Baixo o rótulo de “Disposiciones especiales”, o Título II, ó longo dos artigos 103 a 136, regula as distintas clases de cooperativas (capítulo I), as cooperativas de segundo grado e outras formas de colaboración económica (capítulo II), e o asociacionismo cooperativo (capítulo III). O Título III, relativo ó fomento e control das cooperativas, acolle os artigos 137 a 142 da LCR, que ademais dispón de nove disposicións adicionais, catro transitorias e tres finais. O ámbito de aplicación da Lei delimitase en función de dous criterios: entidades cooperativas con domicilio social na Comunidade Autónoma da Rioxia, que realicen principalmente a súa actividade cooperativizada dentro deste ámbito territorial.

Estas “Notas” teñen como modesto propósito destacarlle ó lector aquelas novas más relevantes que presenta esta Lei, en especial, respecto da LCG e da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de Cooperativas (LC, en diante).

Neste senso, o Capítulo I, do Título I da LCR, acolle certas novas a destacar. En materia de número mínimo de socios, o artigo 5 LCR, con carácter xeral, dispón que as cooperativas de primeiro grado deben estar integradas, ó menos, por tres socios (catro esixe a LCG). Esta regra se exceptúa para certas clases de cooperativas. Tal é o caso das cooperativas agrarias (art. 113.5) e de consumo (art. 118.3) para as que a masa social mínima se eleva a cinco e quince socios, respectivamente. Sorprende, especialmente, a esixencia dun mínimo de 15 socios para as cooperativas de consumo (de consumidores e usuarios), sometidas na LCG e na LC á regra xeral de catro e tres socios, respectivamente. A esixencia de 5 socios para constituír unha cooperativa agraria pode estar buscando evita-lo minifundismo empresarial no ámbito vitivinícola, un sector clave da economía rioxana. Para as cooperativas de vivenda, o art. 119.1 establece que o número mínimo de socios necesarios para constituír unha cooperativa desta clase será o equivalente ó 75% do total das vivendas da promoción que se pretende realizar, que é a porcentaxe que fixa o artigo 120.1 LCG.

En consonancia co resto da lexislación cooperativa do Estado e dos Estados da contorna, a LCR admite que a sociedade cooperativa poida realizar a súa actividade ou servicio cooperativizado con terceiros non socios a condición de que o prevexan os estatutos sociais (art. 6). Esta condición tamén a impón a LC (art. 4.1), non así a LCG (art. 8.1). Como é común, os límites ás operacións con terceiros varían en función da clase de cooperativa. A este respecto cumpre destacar que en sede de cooperativas de traballo asociado, a LCR, seguindo á LC, acolle a regra do número de horas/ano para limitar o número de traballadores por conta allea que pode ter a cooperativa (art. 110 LCR), fronte a regra moito máis restrictiva da LCG de limitar o número de asalariados da cooperativa en relación ó número de socios traballadores, sen distinguir a estes efectos entre asalariados a tempo parcial e a tempo completo (art. 110 LCG).

Ó igual que a LC (art. 6), o artigo 8 LCR acolle a lista de clases de cooperativas. Por contraposición coa LCG, destaca a ausencia como tal clase, ade-

mais das cooperativas do mar e de explotación dos recursos acuícolas por razóns evidentes (aínda que as primeiras poden asociar a titulares de explotacións acuícolas en ríos, lagos e lagoas, ademais de profesionais de tais actividades), das cooperativas de servicios sociais. Pero esta ausencia non é descoñecemento, pois o art. 122 regula a cualificación dunha cooperativa de traballo asociado como de iniciativa social, cando a cooperativa non tendo ánimo de lucro teña por obxecto social principal a prestación de servicios a colectivos que sofren calquera tipo de marxinación ou exclusión social. Cumpre lembrar que a LCG remite a regulación das cooperativas de servicios sociais ó previsto para as cooperativas de traballo asociado.

En materia de constitución da cooperativa (capítulo II do título I) non se aprecian novas significativas. É posible a constitución mediante asemblea constituinte ou mediante o procedemento abreviado da constitución simultánea comparecendo tódolos socios fundadores diante do notario autorizante da escritura de constitución. O mesmo pódese dicir en relación co Rexistro de Cooperativas da Rioxia, configurado como xa é tradicional no Dereito español cooperativo coma un rexistro de natureza administrativa pero de eficacia xurídico-privada baseada nos principios rexistrais do Rexistro mercantil (arts. 16 a 19). Consonte a Disposición transitoria cuarta da LCR, correspón-delle ó Rexistro de Cooperativas da Administración Central do Estado a emisión da certificación negativa de denominación social das cooperativas sometidas á LCR, pero só “ata tanto se cumpran as previsións do art. 109 LC; isto é, sempre que se emita a certificación negativa de denominación previa coordinación co Rexistro Mercantil Central e cos demais rexistros de cooperativas”. Esta precaución non existe na LCG.

O capítulo IV (do título I) acolle o réxime xurídico dos socios. Quizá destacar como a pesar de que o lexislador presenta a posibilidade de socios distintos ós socios de pleno dereito coma unha das innovacións más notables da Lei, sen embargo, pódese apreciar que a figura do socio en proba, en consonancia coa LC, únicamente é posible en cooperativas de traballo asociado (art. 107 LCR), cando consonte ó art. 27 da LCG pode haber socios en situación de proba en toda clase de cooperativas de primeiro grado, agás vivendas, crédito e seguros. En relación cos socios colaboradores que só achegan capital á cooperativa, a LCR establece o seu límite en función das achegas ó capital social de tódolos socios, en tanto que a LCR fixa o mesmo límite (1/3) en relación cos socios da cooperativa. Asemade, a LCR expresamente permite recoñecerlle dereito de voto na asemblea, individual ou proporcional ó capital achegado ata o límite do 33% dos votos presentes e representados na asemblea en cuestión. A LCG nega a posibilidade de atribuírle voto plural ó socio colaborador achegante de capital exclusivamente.

Os órganos da cooperativa se regulan no capítulo V do título I. Aquí, ó tempo de delimita-las competencias entre os distintos órganos sociais, a LCR sigue á LC. En efecto, o art. 35.1 reproduce case literalmente o art. 21.1 LC.

Consonde a ese precepto, a Asemblea fixa a política xeral da cooperativa, pode debater sobre calquera asunto de interese para ela, pero únicamente poderá tomar acordos obligatorios en materias que a Lei non atribúa á competencia (a LC engade o adxectivo “exclusiva”) de outro órgano social. Pero para salvar o principio de democracia interna, se engade, en ambas Leis, que salvo oposición dos estatutos, a Asemblea Xeral poderá impartir instruccions ó Consello Rector ou someter á autorización a adopción polo devandito órgano de decisións ou acordos sobre determinados asuntos. En relación co deber de abstención de votar na asemblea polo socio que se encontre en conflicto de intereses coa cooperativa, cumpre resaltar que a LCR asume o vello modelo (seguido pola LCG) de remitir a preceptiva regulación deste conflicto ós estatutos, que ó dicir da doutrina algúns supostos deben establecer. Frente a esta delegación en branco, a LC dispón que os estatutos da cooperativa, en todo caso, incluirán os supostos previstos no art. 52 da Lei de sociedades de responsabilidade limitada de 1995 (art. 26.8 LC). Na nosa opinión esta remisión á normativa das sociedades limitadas é correcta, xa que ambos son tipos sociais de corte personalista e pechados e, en consecuencia, os conflictos de intereses potencialmente son maiores. Respecto ó órgano de administración non existen maiores novedades, seguíndose as últimas tendencias de poder incorporar ó Consello rector persoas físicas non socios ata 1/3 dos membros (art. 48.1), así como que nas cooperativas de menos de dez socios é posible nomear a un socio persoa física administrador único (art. 47.1).

A regulación do réxime económico acolle algunas novedades de interese coas que se pretende fortalecer a vertente empresarial das cooperativas, cun dobre obxectivo: por unha parte, defender a súa solvencia e credibilidade económica e, por outra parte, mellora-la posición económica do socio. En orden a lograr o primeiro deses obxectivos, se establece como capital social mínimo 1.803 euros (art. 61.2). Esta cifra se establece co propósito declarado de acercar, nesta materia, as cooperativas ás sociedades limitadas. Con todo, este capital legal mínimo se reduce sensiblemente para as cooperativas de traballo asociado cualificadas como de iniciativa social, que se poden constituir cun capital social non inferior a 300 euros, “para axustarse mellor ás peculiaridades destas cooperativas”. Estamos ante unha medida nova axeitada, en tanto que permite non expulsa do movemento cooperativo ás iniciativas sociais carentes de recursos patrimoniais. A modo de garantía fronte ós acredores da cooperativa, a LCR obriga a notificarles os acordos de reducción do capital mínimo, que non poden executarse ata despois de transcorridos tres meses dende a notificación(art. 61.7 ó final), se ben non se lles recoñece un dereito de oposición (como tampouco a LCG), como con bo criterio fai a LC (art. 45.8 ó final).

Para alcanzar o segundo obxectivo de mellora-la posición económica do socio, se establecen medidas como a regulación das achegas voluntarias ó capital social, a posibilidade de que a Asemblea Xeral fixe anualmente, en función dos resultados, a contía das remuneracións das achegas ó capital, así

como a súa transmisibilidade. Con todo, estas cuestións non presentan novedade relevante algunha. Si cumple destacar, por contraposición á LCG, que o núm. 4 do art. 71 LCR obriga a que os resultados extracooperativos e extraordinarios figuren en contabilidade separada, aínda que a totalidade das perdas, tanto as procedentes da actividade cooperativizada como as derivadas da actividade extracooperativizada e extraordinaria, poden ser imputadas ó Fondo de reserva obligatorio (art. 73.3.a) LCR), por contraposición ó disposto no art. 59.2.b) LC, que tan só permite imputar ó Fondo de reserva obligatorio, “como máximo, dependendo da orixe das perdas, as porcentaxes medias dos excedentes cooperativos ou beneficios extracooperativos ou extraordinarios que se destinasen ó devandito fondo nos últimos cinco anos ou desde a súa constitución, se esta non fose anterior ós ditos cinco anos”. Esta medida si contribuie a fornecer a “vertente empresarial das cooperativas”, non así o disposto no precitado artigo da LCR; Lei que ademais permite reducir (mediante acordo da Asemblea Xeral) do 20% o 15% os excedentes procedentes da actividade cooperativizada destinados ó Fondo de reserva obligatorio cando este fondo supere o 50% da cifra do capital desembolsado (art. 72.1.a) LCR). Tal posibilidade non está contemplada na LC nin na LCG.

Nos capítulos VII e IX do Título I se regula a modificación dos estatutos (moi sin selamente) e os procesos de fusión, escisión e transformación das cooperativas. O capítulo X adícase á disolución e liquidación da cooperativa. Aquí, en relación co haber social, na Exposición de Motivos, se afirma que a LCR “quiso avanzar, en aras a un elemental principio de xustiza, na posibilidade de que os socios das cooperativas poidan verse recompensados, en algunha medida, polos seus esforzos e dedicación á consolidación da cooperativa, que se materializa coa dotación do Fondo de Reserva Obrigatorio de carácter irrepartible. Ademais, esta característica do Fondo actúa como un elemento desincentivador das propias cooperativas e, en consecuencia, da creación de emprego, polo que se adoptou unha fórmula de reinvestimento de dito Fondo, que sendo compatible coa protección fiscal destas sociedades, abre a posibilidade de que a parte proporcional que poida corresponderlle a cada socio, se destine a cubrir a cota de ingreso de aquel que vaia a incorporarse a outra cooperativa”. Fiel a este propósito, o parágrafo segundo da letra d) do número 2, e o número 3, do art. 99 LCR permiten o obligatorio reinvestimento polo socio do sobrante, tanto do Fondo de reserva obligatorio como do haber líquido da cooperativa, como cota de ingreso á cooperativa á que se incorpore. Tal posibilidade non está prevista na LCG nin na LC. Tamén a diferencia de estas, o haber líquido sobrante debe ser posto á disposición da unión ou federación á que estee asociada a cooperativa disolta, a diferencia da LCG que obriga a poñelo a disposición do Consello Galego de Cooperativas (art. 93); órgano de participación e colaboración coa Administración que non crea a LCR.

O título II se inicia cun capítulo I dedicado a regular as distintas clases de cooperativas. Cumple agora destacar que aínda que non aparecen na lista do

art. 8 nin son reguladas neste capítulo precitado, consonte a esta LCR é posible constituir cooperativas integrais e mixtas, cuxo réxime xurídico será o establecido nos arts. 105 e 107 LC, ós que se remite a disposición adicional cuarta da LCR. Non comprendemos a razón desta disposición adicional, ou mellor, por qué non se regulan estas clases de cooperativas. O capítulo II deste título II acolle a regulación das cooperativas de segundo grado e outras formas de colaboración económica. Dentro destas últimas, o art. 131 LCR dispón que as cooperativas rioxanas poden contraer vínculos intercooperativos, entre outros, de grupo cooperativo, que se axustará á lexislación estatal, conste a que se entende por grupo cooperativo o conxunto formado por varias cooperativas, calquera que sexa a súa clase, e a entidade cabeza de grupo que exercita facultades ou emite instruccions de obrigado cumprimento para as cooperativas agrupadas, de forma que se produce unha unidade de decisión no ámbito das ditas facultades (art. 78.1 LC). A LCG non regula os grupos cooperativos (art. 131), aínda que poden existir. O capítulo III levo o rótulo “Do asociacionismo cooperativo”, e regula a constitución de unións e federacións de cooperativas dende a flexibilidade. Así para a constitución dunha unión só é preciso un mínimo de tres cooperativas da mesma clase (cinco esixe o art. 133 LCG). Nas unións de cooperativas agrarias, permite que poidan formar parte da mesma sociedades agrarias de transformación y entidades que asocien a agrupacións de produtores agrarios (art. 134 LCR). Para a constitución de federacións bastan dúas unións de cooperativas que poden ser de distinta clase (art. 135 LCR). Nunha mostra mais de flexibilidade fronte ó disposto pola LCG, cumpre resaltar que a LCR non esixe que a unión ou federación agrupe a un determinado porcentaxe de cooperativas para poder incluír na súa denominación unha referencia a un determinado ámbito xeográfico (art. 133 LCG).

O REGULAMENTO DO REXISTRO DE SOCIEDADES COOPERATIVAS DE ÁMBITO ESTATAL

Isabel SÁNCHEZ CABANELAS

En cumprimento da Disposición Final Primeira da Lei 27/99, de 16 de Xullo de Cooperativas, apróbase mediante o Real Decreto 136/2.002, de 1 de Febreiro, o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas.

O Real Decreto ten por obxecto a regulación da organización e funcionamento do Rexistro de Cooperativas, regulación que desenvolve ó longo de catro capítulos e corenta e catro artigos, segundo o establecido nos artigos 109 a 111 da Lei 27/99. Asemade, regula as relacións do Rexistro coas cooperativas, cos seus órganos representativos, cos promotores das sociedades e cos terceiros interesados.

Contempla o Regulamento un Rexistro público de carácter unitario con sede en Madrid, dependente da Dirección Xeral de Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, funcionando as áreas e dependencias deste ministerio das Delegacións e Subdelegacións do Goberno con funcións delegadas do Rexistro.

Pese ó carácter unitario do Rexistro se establece nas cidades de Ceuta e Melilla unha sección do Rexistro de Sociedades Cooperativas, que radicará na área de Traballo e Asuntos Sociais da Delegación do Goberno nestas cidades.

O Obxecto deste Rexistro unitario e público é segundo determina o artigo 4 do Regulamento a cualificación e inscrición das sociedades e asociacións cooperativas sometidas á Lei 27/99 é dicir, aquelas que desenvolvan a súa actividade cooperativizada no territorio de varias Comunidades Autónomas, agás cando nunha delas se desenrole con carácter principal, e asemade as sociedades cooperativas que realicen principalmente a súa actividade cooperativizada nas cidades de Ceuta e Melilla, e dos actos e negocios xurídicos contemplados no seu artigo 9.

Asemade, segundo o artigo 7 do Regulamento, e en cumprimento do establecido no mesmo artigo da Lei de Cooperativas a inscrición rexistral das Sociedades Cooperativas terá carácter constitutivo e polo tanto determinará a adquisición da súa personalidade xurídica. Elemento este último que permite defini-lo Rexistro de cooperativas como un rexistro de natureza xurídica pese á súa dependencia orgánica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Os artigos 11 e 12 do Regulamento enumeran os medios mediante os cales se permiten practica-las inscripcións rexistrals, establecéndose unha cuádruple vía de acceso ó rexistro. Así se practicarán inscripcións rexistrals en virtude de instrumento público, resolución xudicial, resolución da autoridade administrativa ou mediante certificación do acordo societario.

Como resulta evidente, a achega do instrumento ó Rexistro non implica sen máis a súa inscrición, tal e como establece o artigo 19 do Regulamento, o Rexistro unha vez presentada a solicitude de inscrición estudiará a adecuación xurídica e o cumprimento das formalidades esixibles ós documentos susceptibles da mesma.

Cando un acto susceptible de inscrición rexistral resulte axustado a Dereito, o Rexistro así o declarará en resolución dictada a tal efecto, e disporá a inscrición do acto na correspondente folla rexistral.

Se pola contra o acto non se axustase a Dereito, o Rexistro dictará resolución denegatoria da inscrición, procedendo ó arquivo do actuado tal é como determina o artigo 20.

A competencia para dictar as citadas resolucións corresponde ó Subdirector Xeral de Fomento e Desenvolvemento Empresarial e Rexistro de Entidades, a proposta do funcionario que se atope directamente ó fronte do Rexistro.

As resolucións anteriormente citadas son susceptibles de recurso de alzada ante o Director Xeral de Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo.

Atribúe o Regulamento ó Rexistro ademais das funcións de cualificación e inscrición as funcións de legalización dos libros das sociedades, o depósito e publicidade das contas anuais, a anotación das sancións moi graves por infracción da lexislación cooperativa, e a expedición de certificacións.

Respecto da legalización dos libros, o Regulamento determina que se practicará mediante dilixencia na que conste a denominación da sociedade, clase de libro, número de folios de que se compón e data da dilixencia, e se selarán tódolos folios, que estarán numerados correlativamente.

Establece unha diferencia no momento da legalización segundo se trate de medios informáticos ou libros convencionais. No primeiro caso a legalización se practicará nos catro meses seguintes ó peche do exercicio, mentres que a legalización dos libros será previa a utilización dos mesmos.

Finalmente determina o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas na súa Disposición Transitoria única que transcorrido o prazo de tres anos a partir da entra en vigor da Lei de Cooperativas, sen que as cooperativas a ela sometidas teñan adaptados os seus estatutos á legalidade, non se inscribirá no Rexistro documento algúns ata que non se teña inscrito a adaptación, exceptuando os documentos enumerados na disposición transitoria segunda da Lei.

**PROPOSTA MODIFICADA DE REGULAMENTO
SOBRE O ESTATUTO DA SOCIEDADE COOPERATIVA EUROPEA:
PROPOSTA TRANSACCIONAL DA PRESIDENCIA
ESPAÑOLA DE 12 DE ABRIL DE 2002**

Manuel José VÁZQUEZ PENA

Como parte da estratexia dirixida a completar o mercado interior con medidas de economía social, en concreto, pola necesidade de aproximar as Lexislacións dos países membros da Unión Europea en materia de Cooperativas, e coa finalidade de suprimir as restriccións á liberdade de establecemento e á libre prestación de servicios, presentouse, con data de 6 de marzo de 1992, a Proposta de Regulamento do Consello (92/C 99/03), “*polo que se establece o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea*” (DOCE núm. C 99, de 21 de abril).

Esta Proposta foi obxecto de crítica principalmente por parte do Comité Económico e Social no seu Dictame 92/C 223/14, de 26 de maio de 1992, “*sobre a Proposta de Regulamento (CEE) do Consello polo que se establece o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea*” (DOCE núm. C 223, de 31 de agosto). Froito desta censura sería a Proposta modificada de Regulamento (CEE) do Consello (93/C 236/03), de 6 de xullo de 1993, “*polo que se establece o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea*” (DOCE núm. C 236, de 31 de agosto).

Os traballos sobre esta Proposta deixáronse en suspenso desde 1996, debido -especialmente- á falta dunha solución respecto da cuestión relativa á participación dos traballadores. Catro anos despois, no Cumio de Niza celebrado en decembro de 2000, a Presidencia francesa alcanzou un acordo político que desbloqueaba as actividades concernentes á elaboración dun Regulamento do Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea.

Posteriormente, existindo avances relacionados coa participación dos traballadores, se ben respecto da Sociedade Anónima Europea [Regulamento (CE) núm. 2157/2001 do Consello, de 8 de outubro, polo que se aproba o Es-

tatuto da Sociedade Anónima Europea (DOCE núm. L 294, de 10 de novembro) e Directiva 2001/86/CE do Consello, de 8 de outubro, pola que se completa o Estatuto da Sociedade Anónima Europea no que respecta á implicación dos traballadores (DOCE núm. L 294, de 10 de novembro)], a Presidencia sueca decidiu reanudar os traballos. Así as cousas, o 12 de abril de 2001, coa axuda da Comisión, presentou unha versión revisada do anterior proxecto de Regulamento sobre o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea, que se acomodaba ó novo proxecto regulador da Sociedade Anónima Europea e que incluía a pé de páxina referencias ó anterior e notas aclaratorias (documento do Consello 7987/01 DRS 19 SOC 154).

Ó igual que fixera durante a Presidencia sueca, despois, durante a belga, o Grupo “*Dereito de Sociedades*” (Sociedade Cooperativa Europea) continuou o exame, de carácter técnico, da Proposta modificada de 1993. Ademais de impulsar notablemente os debates sobre o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea, a Presidencia belga logrou tamén a aprobación definitiva do Regulamento sobre o citado Estatuto, no Consello de Ministros de Emprego e Política Social de 8 de outubro de 2001. Así mesmo, en colaboración coa Comisión, a Presidencia belga ofreceu un novo texto revisado, como “*propuesta de compromiso*”, que integrrou as anteriores propostas das distintas Delegacións (documento do Consello 15510/01 DRS 69 SOC 550); texto este que sería o documento de traballo para manexar durante a Presidencia española.

En efecto, dita Presidencia continuou os traballos relativos a esta materia sobre a base do documento 15510/01, centrando o debate no Grupo “*Dereito de Sociedades*” (Sociedade Cooperativa Europea) e, no seu caso, no Comité de Representantes Permanentes, nas principais cuestións políticas, en vez de limitarse a repetir o exame de carácter técnico, artigo por artigo, do proxecto de Regulamento.

Despois de varias reunións do Grupo, e pensando no Consello de Mercado Interior, Consumidores e Turismo do 21 de maio de 2002, se elaborou unha proposta transaccional para un acordo político, que deberá preparar o terreo para a adopción do Regulamento proposto, así como dunha Directiva de acompañamento sobre a implicación dos traballadores (actualmente, conforme se relata no documento do Consello 6318/02 REV 1 SOC 75 DRS 10, están bastante avanzados os traballos encamfiados á elaboración dunha Directiva do Consello pola que se complete o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea no que respecta á implicación dos traballadores. Certamente, existe hoxe no Grupo “*Cuestións Sociais*” un amplio consenso sobre a maioria dos artigos, recollidos na devandita Directiva sobre a Sociedade Anónima Europea, coas adaptacións necesarias debidas ó carácter específico da Sociedade Cooperativa. Agora ben, sendo así, a realidade é que non foiinda posible resolver dúas cuestións: o limiar para a aplicación da Directiva, por unha banda, e, por outra, a representación dos traballadores na Asemblea Xeral).

Pois ben, a “*Proposta de Regulamento sobre o Estatuto da Sociedade Cooperativa Europea*”, modificada pola Presidencia española á luz das deliberações do Grupo “*Dereito de Sociedades*” (Sociedade Cooperativa Europea), consta de 85 artigos (se ben foron suprimidos os arts. 3, 36.1, 61, 66, 77 e 80) divididos en nove Títulos (documento do Consello 7863/02 DRS 20 SOC 178). Cómpre destacar agora que en moitos dos seus preceptos alúdese á aplicación por analoxía das normas propias das Sociedades Anónimas.

O Título I, “*Disposiciones xerais*”, engloba os dezasete primeiros artigos. Neste importante Título ocúpase a Proposta de Regulamento da natureza da Sociedade Cooperativa Europea (SCE, en diante), da súa constitución, do seu capital, dos Estatutos da SCE, do seu domicilio social, da Lexislación que lle é aplicable, dos datos que deberán figurar nos seus documentos, da súa inscrición, da publicidade dos documentos relativos á SCE, da publicación no DOCE da inscrición e da baixa dunha SCE, da adquisición e perda da condición de socio nunha SCE e, finalmente, dos dereitos pecuniarios dos socios en caso de renuncia ou expulsión. Ó noso modo de ver, destes preceptos pódese destacar o seguinte:

- 1) Segundo o art. 1.2, o capital (subscrito) estará dividido en participacíons. No mesmo precepto, admítese que no momento da constitución da SCE os Estatutos poidan ampliar a responsabilidade fronte a terceiros ata un múltiplo do capital, así como establecer a responsabilidade ilimitada dos seus socios.
- 2) A SCE pode estar constituída por entidades xurídicas ou persoas físicas (cinco mínimo) de Estados membros distintos, por fusión de Cooperativas, se alomenos dúas delas están reguladas polo Ordenamento xurídico de distintos Estados membros, ou por transformación dunha Cooperativa nacional, sempre que teña o seu domicilio e a súa administración central na Comunidade e un establecemento ou filial nun Estado membro distinto do da súa administración central; neste último caso, a Cooperativa debe exercer unha actividade transnacional efectiva e real (art. 2).
- 3) O capital, que estará representado polas participacíons dos socios, só poderá constituírse con elementos de activos susceptibles de valoración económica e non poderá ser inferior a 4000 euros. Incluso, o vencemento do derecho de reembolso dos socios que deixen de formar parte da SCE (art. 17), quedará suspendido na medida en que implique unha reducción do capital subscrito por debaixo da cantidade sinalada (arts. 4 e 5).
- 4) Poderán emitirse distintas categorías de participacíons e, así mesmo, os Estatutos poderán prever que as distintas categorías confiran distintos dereitos no que respecta á distribución de resultados. En todo caso, as participacíons serán nominativas (art. 5).

- 5) As participacións emitidas como contrapartida de achegas diñeirais deberán desembolsarse como mínimo nun 25% do seu valor nominal no momento da subscrición. O saldo restante desembolsarase nun prazo máximo de cinco anos, salvo que os Estatutos establezan un prazo máis breve. Sen embargo, as participacións emitidas en contrapartida de achegas non diñeirais deberán desembolsarse totalmente no momento da subscrición (art. 5).
- 6) Os fundadores elaborarán os Estatutos de conformidade coas disposicións previstas para a constitución de Cooperativas suxeitas á Lexislación do Estado do domicilio social da SCE (art. 6).
- 7) O domicilio social da SCE, que deberá estar situado dentro da Comunidade, no mesmo Estado membro que a súa administración central, poderá trasladarse a outro Estado membro en relación co disposto nos apartados 2 a 16 do art. 8. Dito traslado non dará lugar á dissolución da SCE nin á creación dunha nova persoa xurídica (arts. 7 e 8).
- 8) Segundo o art. 9, as SCE se rexerán polo disposto no seu Regulamento; cando este o autorice expresamente, polas disposicións dos Estatutos da SCE; respecto das materias non reguladas no Regulamento ou, se se trata de materias reguladas só en parte, respecto dos aspectos non cubertos polo Regulamento: a) pola Lexislación que adopten os Estados membros en aplicación das medidas comunitarias que se refiran especificamente ás SCE, b) polas Leis dos Estados membros que fosen de aplicación a unha Sociedade Cooperativa constituída de acordo coa Lexislación do Estado membro no que a SCE teña o seu domicilio social, e c) polas disposicións dos Estatutos, nas mesmas condicións que rexen para as Sociedades Cooperativas constituídas conforme á Lexislación do Estado membro no que a SCE teña o seu domicilio social.
- 9) Toda SCE deberá estar rexistrada no Estado membro do seu domicilio social no Rexistro que sinale a Lexislación dese Estado membro de conformidade coa Lexislación aplicable ás Sociedades Anónimas (art. 12).

O Título II, “Constitución”, divídese en tres Seccións e comprende dende o art. 18 ata o 36. Na primeira destas Seccións, “Principios xerais”, sinálase que, salvo o disposto no Regulamento, a constitución dunha SCE rexerase pola Lexislación aplicable ás Cooperativas do Estado no que a Sociedade fixe o seu domicilio social. Así mesmo, a SCE adquirirá personalidade xurídica o día da súa inscrición, no Estado membro do seu domicilio social, no rexistro designado por dito Estado conforme ó xa referenciado art. 12 (arts. 18 e 19).

Ó longo de dezaseis artigos (arts. 20 a 35), a Sección segunda, “Constitución dunha SCE mediante fusión”, refírese ó Ordenamento xurídico aplicable e ó procedemento a seguir no caso de constituir unha SCE mediante unha fusión, sexa por absorción, sexa por constitución dunha nova persoa xurídica

(art. 20). Neste senso, para as materias non reguladas nesta Sección ou, cando unha materia o estea parcialmente, para os aspectos non cubertos por ela, toda Cooperativa que participe na constitución dunha SCE mediante fusión estará suxeita ás disposicións do Ordenamento xurídico do Estado membro de que dependa que sexan aplicables ás fusións de Cooperativas e, no seu defecto, ás disposicións aplicables ás fusións internas de Sociedades Anónimas suxeitas ó Ordenamento xurídico de dito Estado (art. 21).

A terceira Sección, “*Transformación dunha Cooperativa existente en SCE*”, abarca únicamente o art. 36 que, entre outras cousas, contén a previsión de que o domicilio social da SCE non poderá trasladarse dun Estado membro a outro con motivo da transformación.

O Título III, “*Estructura de la SCE*”, divídese en catro Seccións e comprende dende o art. 37 ata o 66. Comeza sinalando, respecto da estructura orgánica da SCE, que esta constará sempre dunha Asemblea Xeral e, segundo a opción adoptada nos Estatutos, dun Órgano de control e dun Órgano de dirección (“*Sistema dual*”), ou ben dun Órgano de administración (“*Sistema monista*”).

A primeira Sección, “*Sistema dual*”, ocúpase do Órgano de control e do Órgano de dirección. O Órgano de dirección será responsable da xestión da SCE e a representará fronte a terceiros e ante os tribunais (art. 38). Pola súa aparte, o Órgano de control supervisará a xestión encomendada ó Órgano de dirección (art. 40). Tanto nun coma noutro, despois de determina-la súa composición, dispone que elixirán de entre os seus membros un presidente, que convocará ó órgano nas condicións que fixen os Estatutos (arts. 39 y 42).

Na Sección segunda, “*Sistema monista*”, establécese que o Órgano de administración asumirá a xestión da SCE e a representará fronte a terceiros e ante os tribunais (art. 43). Cunha estructura moi similar á primeira Sección, se regula a composición deste órgano, a periodicidade das súas reunións e a elección do seu presidente, que será o encargado de convocalo (arts. 43 a 45).

A terceira Sección, ó longo de sete artigos, encerra unha serie de “*Normas comúns ós sistemas monista e dual*”. Así, por exemplo, dispone que os membros dos órganos da SCE serán nomeados por un período de tempo establecido nos Estatutos, que non poderá exceder os seis anos, sendo posible - por regra xeral- nomealos novamente unha ou mais veces polo período determinado (art. 46). É interesante destacar tamén que estes membros teñen un deber de confidencialidade sobre a información de que dispoñan acerca da SCE (art. 50). Por último, é importante subliñar que, salvo nos casos no que o Regulamento ou os Estatutos dispoñan outra cousa, deberán estar presentes ou representados alomenos a metade dos membros con dereito de voto para entender validamente constituído algúns dos órganos da SCE. Sendo posible o voto de calidade do Presidente, as decisións tomaranse por maioría dos membros con dereito de voto presentes ou representados (art. 51).

A cuarta Sección ocúpase do órgano probablemente mais importante da SCE: a “*Asemblea Xeral*”. Nesta Sección establecense cales son as súas competencias (art. 53), o seu réxime de convocatoria (arts. 55 a 57), o sistema de participación e representación nela (arts. 59 e 60), cómo funciona o dereito de información (art. 62), o procedemento de adopción de acordos (art. 63) e o modo de levantar acta de cada reunión (art. 64). Chama a atención que non só nas SCE que desenvolven actividades financeiras ou de seguros, senón tamén nas SCE de segundo grao, os Estatutos poidan establecer que o número de votos se determine en función do capital e do número de socios de cada entidade (art. 60.2).

O Título IV, “*Emisión de títulos con privilexios específicos*”, está integrado soamente polo art. 67, que sinala que os Estatutos poderán prever a creación de títulos distintos das participacións ou das obrigacións nas cales os tenedores non terán dereito de voto. Os tenedores destes títulos poderán gozar de privilexios específicos de conformidade cos Estatutos e coas condicións establecidas no momento da súa emisión.

O Título V, “*Aplicación dos resultados*”, ocúpase da constitución dunha reserva legal cos posibles excedentes (art. 68), da posibilidade de pagar un retorno ós socios (art. 69) e da distribución dos excedentes dispoñibles, en particular, para constituir un novo remanente, dotar as reservas legais ou estatutarias e remunerar os capitais desembolsados e os capitais asimilados, podéndose proceder ó pago en metálico ou por atribución de participacións (art. 70).

No Título VI, “*Contas anuais e contas consolidadas*”, ó longo de catro artigos, a Proposta de Regulamento ocúpase da elaboración das contas anuais e consolidadas (art. 71), especificamente das contas das SCE con actividades crediticias ou financeiras (art. 72) e, finalmente, da auditoría de contas, sexa esta efectuada por unha o varias persoas habilitadas ó efecto no Estado membro no que a SCE teña o seu domicilio (art. 73), sexa exercida por un órgano externo autorizado (art. 74).

O Título VII, “*Disolución, Liquidación, Insolvencia e Suspensión de pagos*”, comprende dende o art. 75 ata o 81. Como regra xeral, sinálase que no referente á Disolución, Liquidación, Insolvencia, Suspensión de pagos e procedementos análogos, a SCE estará sometida ás disposicións legais aplicables ás Cooperativas constituídas conforme á Lexislación do Estado membro no que teña o seu domicilio social, incluídas as disposicións relativas á adopción de decisións pola Asemblea Xeral (art. 75). Así mesmo é importante sublinhar que o art. 81 ocúpase da posibilidade que ten unha SCE de transformarse nunha Cooperativa suxeita ó Ordenamento xurídico do estado membro do seu domicilio social (art. 81).

O Título VIII, “*Disposicións complementarias e transitorias*”, soamente se compón do art. 82, que establece unha serie de previsións para aqueles supostos nos que unha SCE teña o seu domicilio nun Estado membro no que inda non é aplicable a terceira fase da Unión Económica e Monetaria.

Por último, no Título IX, “*Disposicións finais*”, sinálase que os Estados membros adoptarán tódalas disposicións adecuadas para garantir a aplicación efectiva do Regulamento (art. 83), que a máis tardar cinco anos dende a entrada en vigor do Regulamento, a Comisión presentará ó Consello e ó Parlamento Europeo un informe sobre a súa aplicación, xunto con propostas de modificación, se procede (art. 84), e que o Regulamento entrará en vigor ós tres días da súa publicación no DOCE.

APUNTES SOBRE A NOVA LEI DE CRÉDITO COOPERATIVO DE ESTREMADURA

Julio COSTAS COMESAÑA

O artigo 7.36 do Estatuto de Autonomía para Estremadura, na redacción dada pola Lei Orgánica 12/1999, de 6 de maio, atribuie á Comunidade Autónoma estremeña a competencia exclusiva en materia de institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado, que neste caso é a Lei 13/1989, de 26 de maio, de cooperativas de crédito (LCCr), desenvolvida polo RD 84/1993, de 22 de xaneiro, así como a Sentencia do Tribunal Constitucional nº 155, de 6 de maio de 1993 relativa o carácter de básicos de certos preceptos da precitada Lei estatal de 1989.

Dentro deste marco normativo, a Lei 5/2001, de 10 de maio, de Crédito Cooperativo da Comunidade Autónoma de Estremadura (*BOE* nº 164, do 10 de xullo de 2001), pretende regular con carácter xeral o réxime xurídico das cooperativas de crédito estremeñas. O lexislador márcase como obxectivo fomenta-la vinculación das cooperativas de crédito coas Caixas de aforro, como vehículo apropiado para o fomento da “rexionalización do aforro”, que potencie o desenrollo económico e social de Estremadura, facendo ós estremeños partícipes da riqueza que a actividade de estas Institucións de crédito cree. Engade o lexislador estremeño que, a tal fin, se elixe a forma e o rango de Lei por canto que así e como máis eficazmente se garanten as esixencias dimanantes dos fundamentais principios de certeza, estabilidade e seguridade xurídica que deben presidi-las normas emanadas no noso Estado social e democrático de Dereito.

A Lei de Crédito Cooperativo de Estremadura (LCrCE) se estructura en 87 artigos, agrupados en sete Títulos, unha disposición adicional, seis disposicións transitorias, unha derogatoria e unha final. A Disposición derogato-

ria deixa sen vixencia en toda a súa integridade a Lei 2/1996, do 30 de maio, de derrogación da Lei 4/1995, do 5 de abril, de Crédito Cooperativo, así como cantas disposición de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o preceptuado na presente Lei. Desta nova normativa queremos, agora en consonancia coas modestas pretensións dunha nota de actualidade, facer un breve apunte sobre algunhas cuestiós relevantes.

O ámbito de aplicación do LCrCE está delimitado no artigo 1 consonte os parámetros do domicilio social e actividade cooperativizada. Isto é, a Lei resultará aplicable ás cooperativas de crédito con domicilio social no territorio da Comunidade estremeña cuia actividade cooperativizada se desenrole con carácter “efectivo ou principal” en tal territorio, ser prexuízo da actividade accesoria que poidan desenrolar fora dese territorio. Non obstante, se afasta deste dobre criterio para someter á Lei, ademais, ás cooperativas de crédito con domicilio en outras Comunidades Autónomas, no relativo ás actividades realizadas no territorio da Comunidade Autónoma de Estremadura.

Estas cooperativas de crédito sometidas á LCrCE resúltalles de aplicación, a parte da propia Lei, a normativa xeral de ordenación do crédito e a banca, pero, porque ademais de ser entidades de crédito son sociedades cooperativas, tamén a resúltalles de aplicación a Lei 2/1998, do 26 de marzo, de Sociedades Cooperativas de Estremadura (LCE). Existe pois unha confluencia entre o dereito bancario e o dereito cooperativo societario.

O obxecto social das cooperativas de crédito estremeñas non é outro que o de servir ás necesidades financeiras dos seus propios socios (cooperativas de crédito de consumo), aínda que tamén poden satisfacer tales necesidades de terceiros non socios (cooperativas de crédito de produción), podendo a tal fin realizar toda clase de operacións activas, pasivas e de servicio propias das entidades de crédito, aínda que sempre atendendo preferentemente as necesidades financeiras dos seus socios. Neste último senso, a Lei dispón que o conxunto das operacións activas con terceiros non poderá alcanzar o 50% dos recursos totais da cooperativa, establecendo unhas regras de computo ó efecto; porcentaxe máximo que pode ser ampliado pola Consellería de Economía previo Informe do Banco de España cando concorran circunstancias excepcionais non imputables á cooperativa (art. 4 LCrCE).

O proceso de creación (establecido nos arts. 6 a 15, xunto cos procedementos de fusión, excisión, dissolución e liquidación) consta de varias fases. En propiedade todo o proceso debe iniciarse coa elaboración dun proxecto de escritura de constitución que debe comprender un proxecto de estatutos sociais. Aquí se establecen unha serie de particularidades en relación co réxime xeral vixente para as demais clases de cooperativas, polo demais iguais ou semellantes os establecidos na LCCr. Así, o Proxecto de Estatutos debe contar co informe favorable da Consellería de Economía. O capital social mínimo é o que estableza en cada momento a normativa básica na materia en función do ámbito territo-

rial e o total de habitantes de dereito dos municipios comprendidos en tal ámbito (vid., o art. 3 do Regulamento da LCCr: 175 millóns se o municipio ten menos de 100.000 habitantes, e 600 millóns cando supere ese límite ou se trate de entidades de ámbito supralocal e intraautonómico). Tamén existen regras especiais sobre o número mínimo de socios, xa que a solicitude de constitución deberá estar subscrita por un grupo de promotores (alude pois a fundación sucesiva, áinda que non parece quedar excluída a constitución simultánea; art. 13 LCE) do que deberán formar parte, ó menos, 10 persoas xurídicas que cumpran certas condicións temporais ou 100 persoas físicas, que no suposto de constituirse unha cooperativa de crédito con denominación de caixa rural (aquela cuxo obxecto social principal sexa a prestación de servicios financeiros no medio rural estremeño), o grupo de socios promotor debe contar, como mínimo, entre eles a tres cooperativas agrarias ou 150 socios persoas físicas titulares de explotacións agrarias. Estes últimos requisitos son bastante más estrictos que os que establece a LCCr e o seu Regulamento.

Unha vez que se dispón dun proxecto de “contrato de sociedade” (escritura de constitución e estatutos socias) que cumpra os requisitos que marca a LCrCE e a Lei de cooperativas estremeña, entón será preciso solicitar autorización administrativa perante a Consellería de Economía que a elevará, xunto co seu informe, ó Ministro de Economía que é a quen lle compete resolver sobre a autorización. Obtida esta, debe procederse ó outorgamento da escritura de constitución, entrándose así na situación de cooperativa de crédito en constitución (arts 13 y 14 LCE e art. 8.1 LCrCE), cuxos representantes deben proceder a solicita-la súa inscrición no Rexistro administrativo especial de cooperativas do Banco de España, logo no Rexistro Mercantil provincial correspondente ó domicilio social da cooperativa de crédito (art. 256 do Regulamento do Rexistro Mercantil), e logo por fin no Rexistro de Cooperativas de Crédito da Comunidade Autónoma de Estremadura, creado pola propia LCrCE (art. 16), que determina a adquisición pola Cooperativa de personalidade xurídica propia (art. 6 LCE). Cumpre resaltar que o art. 10.2 LCrCE remarca que as autorizacións concedidas serán intransmisibles.

Ó réxime económico dedicase o Título II da Lei. En materia de achegas, todo socio debe posuír, ó menos, un título nominativo de achega, debendo ter tódolos títulos igual valor nominal, aquel que determine os Estatutos. En consonancia co derecho cooperativo, se establecen cotas máximas de capital por socio, diferentes en función de se é persoa xurídica ou física. No primeiro caso, as achegas de cada socio non poden exceder do 20% do capital social, que compre lembrar é variable. Se estamos a falar de socios persoas físicas, as súas achegas ó capital no poden exceder do 2,5%. Ademais, as persoas xurídicas socios que non teñan a condición de sociedade cooperativa non poderán posuír mais do 50% do capital social.

No desenvolvemento da súa actividade financeira, as cooperativas de crédito estremeñas quedan sometidas a un rigoroso control administrativo exercido pola

Consellería de Economía, que debe ser informada sobre a participación da cooperativa en outras empresas cando a súa participación exceda da contía de 10 millóns de ptas., da apertura e peche de oficinas e dos proxectos de campañas publicitarias, entre outras actividades sometidas a control (arts. 20 a 25 LCrCE), que abordan incluso ás cooperativas de crédito non estremeñas que teñan oficinas abertas na Comunidade Autónoma de Estremadura (art. 24.1 LCrCE).

Á determinación e aplicación dos resultados do exercicio económico dedica a Lei o Capítulo III do Título II, arts. 26 a 29, que seguindo á normativa estatal relativa ás cooperativas de crédito, dispoñen que o saldo da conta de resultados do exercicio económico se determinará conforme “ós criterios e métodos aplicables para as restantes entidades de crédito”, cómo se computan as perdas, e asemade se especifica que o saldo acreedor da conta de resultados constituirá o excedente neto, que deducidos os impostos esixibles e os xuros ó capital desembolsado, determina o excedente disponible (art. 26), ó que se lle dará o destino que establece o art. 27 LCrCE: un 20% polo menos a dotar o Fondo de Reserva Obrigatorio; un mínimo do 15% a dotar o Fondo de Educación e Promoción, e o resto estará á disposición da Asemblea, que poderá distribuilo, “todo elo” sen prexuízo do cumprimento do coeficiente de solvencia e outras disposición aplicables (art. 27 LCrCE). Compre resaltar que nesta materia a intervención da Administración alcanza o acordo da Asemblea relativo a distribución do excedente así como o acordo establecendo o orzamento anual para o Fondo de Educación e Formación, que debe ser aprobado pola Xunta de Estremadura (art. 29 LCrCE).

O Capítulo IV, do Título II, relativo ós Libros e contabilidade da Cooperativa de crédito, establece unha profunda mercantilización. Así o art. 30 dispón que deben leva-los libros corporativos que esixe o Código de Comercio e a legislación societaria a que estén sometidas. Asemade, os libros contables se deben axustar ó disposto nos arts. 25 e 28 a 33 do precitado Código. Libros corporativos e contables que deben ser levados ó Rexistro mercantil do domicilio da Cooperativa de crédito para a súa legalización. As contas anuais da cooperativa de crédito serán auditadas polas persoas e cos requisitos establecidos na Lei de Auditoría de Contas de 1998. O súa presentación e depósito se axustará ó previsto nos arts. 365 e concordantes do Regulamento do Rexistro Mercantil.

Nada dispón a LCrCE sobre a adquisición, contido, perda e transmisión da condición de socio, salvo o que establecen os arts. 17 a 19, polo que se aplica o réxime xeral dos arts. 49 a 57 da LCE.

Un extenso Título III, que comprende do art. 34 ó 66, regula os órganos das cooperativas de crédito estremeñas. Os órganos socias necesarios son catro: a Asemblea Xeral, o Consello Rector, a Comisión de Control, e a Dirección Xeral. En consonancia co principio de democracia interna consubstancial ás cooperativas, o art. 36 da LCrCE (por contraste co art. 30 da Lei de Cooperativas de Galicia) dispón que todos os asuntos propios da cooperativa

de crédito, áinda que sexan de competencia dos outros órganos sociais, poderán ser obxecto de debate e acordo da Asemblea.

O Consello Rector é o órgano de goberno, xestión e representación da cooperativa de crédito. Estará composto por un mínimo de 5 e un máximo de 12 membros, podendo ser dous persoas non socios –profesionais con coñecementos e experiencia adecuados para exercer a súas funcións-, e un obrigatoriamente será vocal representante dos traballadores. Serán elixidos por un período de 4 anos, podendo ser reelegidos indefinidamente sempre que cumpran os requisitos e non incorran nas causas de incapacidade e incompatibilidade dos arts. 49 e 50. Os arts. 46 a 48 regulan o sistema de elección, renovación e vacantes, e as causas de cese. O Consello contará cun Presidente, un Vicepresidente e un Secretario, que o serán tamén da Asemblea, pode actuar en Pleno ou delegar funcións nunha Comisión executiva, se a súa creación está prevista nos Estatutos. O Consello Rector, se o prevén os Estatutos e por maioría absoluta dos seus membros, poderá atribuír ó Presidente funcións executivas, que se definirán no propio acordo do Consello (art. 56 LCrCE). A Comisión de control ten por obxecto que a xestión do Consello Rector se cumpra coa máxima eficacia e precisión, dentro das liñas xerais de actuación sinaladas pola Asemblea Xeral e das directrices emanadas da normativa financeira (art. 57 LCrCE). As funcións deste “órgano de vixilancia” as determina o art. 58 da Lei, que no art. seguinte dispón que estará formada por cinco membros elixidos pola Asemblea entre os socios que non sexan membros do órgano sometido a vixilancia, mediante o sistema de elección determinado no art. 60 LCrCE.

A Dirección Xeral da cooperativa de crédito é o cuarto órgano necesario. Indica o art. 62 LCrCE que o titular deste órgano social, que parece que só pode ser de natureza unipersonal, será contratado polo Consello Rector (e ratificado pola Asemblea), entre persoas que reúnan as “condicións de honorabilidade, capacidade, preparación técnica e experiencia suficiente para desenvolver as funcións propias deste cargo”. Este mesmo artigo establece as causas de cese, entre elas, pola xubilación ó alcanza-la idade de 65 anos, e en materia de incompatibilidade queda sometido ó réxime establecido para os membros do Consello Rector. Son competencias do Director xeral aquelas funcións que lle atribúian os Estatutos, lle deague o Consello Rector ou lle encomenden o propio Consello ou o seu Presidente; funcións que exercerá o Director xeral baixo a superior autoridade do Consello Rector e do seu Presidente (art. 64 LCrCE).

Os Estatutos poden establecer la existencia de outros órganos sociais (art. 65 LCrCE). O Nomeamento, renovación, reelección, provisión de vacantes e ceses de membros dos distintos órganos sociais e estatutarios deben ser inscritos no rexistro de Altos Cargos das Cooperativas de Crédito que levará a Consellería de Economía, no prazo máximo de 15 días desde que se produza a incidencia en cuestión, tendo este Rexistro administrativo carácter informativo.

Ademais, dos órganos sociais sinalados, e dos que poidan establecer os Estatutos, as cooperativa de crédito estremeñas deben contar “individual ou conxuntamente” cun “Defensor do cliente”, que tendrá por misión a defensa e protección dos dereitos e intereses dos clientes nas súas relacións coas Cooperativas (Título V). Para garantir a súa independencia de funcionamento, prescribe a Lei que o Defensor do cliente non poderá manter ningún tipo de contrato de traballo, empresa ou servicios coas cooperativas de crédito, e o seu cargo será incompatible cos de conselleiro, membro do Consello rector ou da Comisión de control e Director xeral das institucións (art. 74 LCrCE). O Defensor do cliente pode ser un órgano estatutario da cooperativa, pode ser compartido con outras cooperativas de crédito como órgano adscrito a Federación Estremeña de Cooperativas de Crédito, ou como órgano alleo ás Cooperativas de crédito ou a Federación precitada, podendo se-lo en tal caso o Defensor do cliente establecido dentro da Federación Estremeña de Caixas de Aforro. As funcións e organización deste órgano serán determinadas nas normas de desenrollo da LCrCE.

O Título IV da Lei está reservado o asociacionismo cooperativo. Se establece como principio xeral a liberdade de asociación en Unións, Federacións e Confederacións de cooperativas de crédito, así como a posibilidade de asociación temporal estratéxicas. Se prevé a creación da Federación Estremeña de Cooperativas de Crédito, que tendría personalidade xurídica propia para o desenrollo das actividades dirixidas ó cumprimento dos seus fins, establecidos no art. 70 LCrCE. A composición e funcionamento desta Federación serán fixados por norma regulamentaria.

Por último, o Título VI da Lei regula a inspección e disciplina das cooperativas de crédito, a súa intervención e a substitución provisoria dos seus órganos sociais ou de dirección, e o Título VII regula a creación, réxime xurídico, inspección e disciplina das seccións de crédito que, conforme ós Estatutos, poidan ter as cooperativas estremeñas.

NOVAS XURISPRUDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO SOBRE O DEVENGDO DE INTERESES NO REEMBOLSO DAS ACHEGAS Ó CAPITAL SOCIAL

Anxo TATO PLAZA

I

A xa derogada Lei Xeral de Cooperativas de 1987 –ó igual que a vixente Lei estatal ou a Lei de Cooperativas de Galicia- concedía á cooperativa un prazo de cinco anos para o reembolso das achegas realizadas polos socios que causasen baixa na cooperativa. Recoñecía tamén, asemade, o dereito do socio a percibir, polas cantidades non reembolsadas, o interese básico fixado polo Banco de España incrementado en tres puntos. Abonda con lembrar, a estes efectos, o teor literal do artigo 80.c) da Lei Xeral de Cooperativas de 1987: “O prazo de reembolso non excederá de cinco anos a partir da data da baixa, coas salvedades establecidas nos artigos 32 e 33 desta Lei. No suposto de falecemento do socio, o reembolso ós herdeiros deberá realizarse nun prazo non superior a un ano dende o feito causante. As cantidades pendentes de reembolso non serán susceptibles de actualización, e darán dereito a percibilo tipo de interese básico do Banco de España máis tres puntos”.

Así as cousas, era o propio emprazamento sistemático do art. 80.c) o que suscitaba importantes dúbidas en torno ós supostos ou hipóteses nos que procedía o devengo do interese básico fixado polo Banco de España incrementando en tres puntos. De feito, poderíase pensar que este interese só resultaba procedente naqueles casos nos que a cooperativa fixese uso da facultade que lle recoñecía o propio artigo 80 de atrasar ata cinco anos o reembolso das achegas sociais. Veremos a continuación, sen embargo, que esta interpretación vén de ser rexeitada polo Tribunal Supremo na súa sentencia 18 de febreiro de 2002. Nela recoñécese o dereito do socio a percibi-lo xuro fixado polo artigo 80 por calquera cantidade pendente de pago, e con independencia da causa que provoque o atraso no reembolso.

II

A sentencia do Tribunal Supremo de 18 de febreiro de 2002 trae causa dun litixio que enfrentou á cooperativa “Industrias I, S.C.L.” con dezaseis dos seus socios. Estes últimos causaran baixa na cooperativa, e reclamaban dela o reembolso das achegas realizadas ó capital social, que debían ser incrementadas co interese fixado polo Banco de España aumentado en tres puntos. A cooperativa, sen embargo, negaba que os socios tiveran dereito a percibir estes intereses, toda vez que só procedía o pago destes cando a cooperativa fixera uso do prazo que concede o artigo 80 da Lei Xeral de Cooperativas para o reembolso das achegas sociais. Estas alegacións da cooperativa foron inicialmente acollidas pola Audiencia Provincial. Entendeu a Audiencia que só resulta aplicable o citado artigo 80 cando a cooperativa apraza voluntariamente durante cinco anos o pago das achegas sociais ó socio; circunstancia que non concorría no caso que se analizaba, no que o atraso se debía á reclamación xudicial das achegas por parte dos socios que causaran baixa.

Unha vez recorrida a sentencia da Audiencia polos socios demandantes, o Tribunal Supremo procedeu a revocala, ó entender que procede o pago dos intereses fixados no artigo 80 por calquera cantidade pendente de reembolso, con independencia da causa que xustifique o atraso. En particular, no Fundamento de Dereito Segundo da sentencia, o Tribunal Supremo afirma o seguinte: “A argumentación da sentencia impugnada para desestima-lo pago dos intereses establecidos pode ser mantida, e con reservas, unicamente se o precepto aplicable é o da Lei de 1974, pero en forma algúnhase se o precepto aplicable é o da Lei 3/1987, que é o tomado en consideración na sentencia, que establece as regras do reembolso das cantidades aportadas polos socios no caso de que causen baixa, que no seu parágrafo último do citado artigo 80, e de forma xeral sinala que as cantidades pendentes de reembolso non serán susceptibles de actualización e darán dereito a percibi-lo tipo de xuro básico do Banco de España máis tres puntos, isto é que, en primeiro lugar de forma xeral, e sen facer ningunha clase de distinción, como se fai na sentencia recorrida sobre o motivo polo que están pendentes do reembolso as cantidades que se reclaman, prohíbe a posibilidade de actualización das mesmas, pero seguidamente establece a xeito de compensación un xuro polo atraso, superior en tres puntos ó establecido en forma xeral polo Banco de España para os moratorios no artigo 1108 do Código Civil, polo que é claro que anque o atraso no pago das cantidades que polas súas achegas son debidas ós socios que se separan da cooperativa non derivan do exercicio que teñen estas de apraza-lo pago por cinco anos, se deben os intereses do artigo 80 ós socios que se separan da cooperativa por tratarse de cantidades pendentes de reembolso, claro está, salvo que a demora no pago sexa debida exclusivamente á actitude obstrucionista dos acredores”.

III

Como se pode comprobar, a sentencia do Tribunal Supremo de 18 de febreiro de 2002 precisa o alcance do artigo 80 da Lei Xeral de Cooperativas de 1987. As dúbidas que xeraba este precepto, polo demais, desapareceron en boa medida coa promulgación da nova Lei estatal de Cooperativas de 1999. Nesta regúlanse en dous parágrafos separados a facultade da cooperativa de apraza-lo reembolso das achegas sociais e odereito dos socios a percibir un xuro polas cantidades pendentes de reembolso (artigo 51, parágrafos 4 e 5). Na Lei de 1999, así pois, non existe razón algúnh para concluir que só procede o pago de xuros cando nas hipóteses de reembolso voluntario e apraza-do das achegas sociais por parte da cooperativa.

Por contra, a sentencia do Tribunal Supremo que reseñamos resulta especialmente útil de cara á interpretación e aplicación do artigo 65.4 da Lei de Cooperativas de Galicia. O igual que a xa derogada Lei Xeral de Cooperativas de 1987, a Lei galega contempla nun único precepto a facultade da cooperativa de apraza-lo reembolso das achegas sociais e o dereito do socio a percibir un xuro polas cantidades non reembolsadas. A sistemática seguida pola Lei galega, así pois, tamén permitiría concluir que o socio só ten dereito ó xuro fixado polo artigo 65.4 cando a cooperativa fai uso da súa facultade de apraza-lo reembolso das achegas sociais. Esta interpretación, sen embargo, pode ser desbotada con base na sentencia do Tribunal Supremo de 18 de febreiro de 2002, a cal permite recoñecer ó socio o dereito a percibi-lo correspondente xuro por calquera cantidade pendente de reembolso e con independencia da causa que motive o atraso no pago.

**COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO:
IMPUGNACIÓN DE ACORDOS SOCIAIS POR DENEGACIÓN
DE ASISTENCIA Á ASEMBLEA A SOCIOS SUSPENDIDOS
DE EMPREGO (COMENTARIO Á SENTENCIA DO TRIBUNAL
SUPREMO DE 28 DE DECEMBERO DE 2000)**

Encarna DÁVILA MILLÁN

I. Antecedentes.

En xuízo declarativo ordinario de menor contía, promovido por socios traballadores da sociedade cooperativa “Curprima”, contra a sociedade cooperativa da que forman parte, sobre impugnación de acordos sociais adoptados na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 11 de xullo de 1991, fundamentando os demandantes –socios traballadores da cooperativa- teren sido privados dos dereitos de asistencia e do exercicio do derecho de voto nos acordos adoptados na Asemblea Xeral, polo que se pide a declaración de nulidade destes acordos, ó estar viciada a Asemblea dende a súa constitución.

Os demandantes alegan que foron expulsados da cooperativa por acordo do Consello Rector de data 8 de xullo de 1991, notificándosele certificación do mesmo o día 9 de xullo de 1991, facéndose constar que, ó tratarse dun acordo de expulsión, os socios traballadores quedan suspendidos de emprego a partir da súa notificación, conservando os seus dereitos económicos, todo isto conforme ó establecido nos estatutos sociais en conexión co artigo 120.2 da Lei Xeral de Cooperativas, e tomando en consideración os prexuízos que para a cooperativa implica a continuidade dos socios expedientados.

Pola súa banda, a representación da sociedade cooperativa Curprima, no seu escrito de contestación, pide que se declare a plena legalidade da Asemblea e polo tanto a validez dos acordos sociais. Alegan no escrito de contestación que o acordo do Consello Rector de suspensión de emprego lles privaba da cualidade de socio con carácter executivo inmediato, polo que os demandantes non podían asistir á Asemblea, ó conservar só os dereitos económicos.

O xuíz de primeira instancia, na súa sentencia do ano 1993, declarou a legalidade da Asemblea e, polo tanto, a validez dos acordos sociais. Interposto recurso de apelación polos socios traballadores demandantes contra a sentencia de primeira instancia, a Audiencia –en sentencia de 11 de outubro de 1995- resolveu estima-lo recurso e declara-la nulidade dos acordos sociais adoptados na Asemblea Xeral Extraordinaria, deixándoo sen efecto.

Interpúxose entón recurso de casación pola sociedade cooperativa. Nel denúnciase a infracción da disposición transitoria segunda da Lei Xeral de Cooperativas de 2 de abril de 1987, en conexión coa disposición derogatoria. Tamén se denunciaba a infracción do artigo 120.2 da mesma Lei Xeral de Cooperativas 3/1987.

O recurso foi desestimado, argumentándose polo Tribunal Supremo que “a suspensión de emprego, con carácter de suspensión cautelar accordada polo Consello Rector, e pendente da posibilidade de recurso perante a Asemblea Xeral, non comprende os dereitos políticos ou a cualidade de socio, senón unicamente a actividade cooperativizada de traballo, polo que non é posible impedir ó socio o derecho a participar no control da cooperativa en tanto o acordo de expulsión non sexa executivo, que só o é unha vez ratificado pola Asemblea ou transcorrido o prazo para recorrer perante esta”.

O Tribunal Supremo, polo demais, chega a esta conclusión sobre a base da propia configuración das cooperativas de traballo asociado, que “asocian a persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolve-la actividade cooperativizada de prestación do seu traballo, e teñen por obxecto proporcionar ós socios postos de traballo para producir en común bens e servicios (artigo 118.1 da Lei Xeral de Cooperativas). Ademais, nos cooperativistas da clase de traballo asociado concorre unha dobre condición ou cualidade (socio e traballador) cos seus propios dereitos e obrigas (aspecto dual tan importante que é tomado en consideración polo artigo 125 da Lei Xeral de Cooperativas) atribuíndose o coñecemento dos conflictos á competencia de distintos ordes xurisdiccionais (social ou civil).

Tamén é doutrina xurisprudencial que “se ben as cooperativas de traballo asociado teñen a súa orixe nun contrato de tipo societario, tal contrato implica a obriga do socio de desenvolve-la actividade cooperativizada de prestación do seu traballo, de claro contido laboral, de aí que o réxime xurídico destas cooperativas estea integrado por normas de carácter societario que regulan todo o relativo á condición de socio da cooperativa, por normas de carácter mixto, que se ben proceden da lexislación cooperativa incorporan normas de derecho de traballo ou de institucións laborais, e por normas laborais que regulan as condicións en que se desenvolve a prestación de traballo do socio traballador”.

Por esta razón, cando se fala de suspensión de emprego faise referencia en exclusiva á faceta laboral, doutrina esta que se reforza co contido do arti-

go 120 da Lei Xeral de Cooperativas, que no seu último inciso dispón o seguinte: “anque o acordo só será executivo dende que sexa ratificado polo correspondente órgano ou transcorra o prazo para recorrer perante o mesmo, a cooperativa poderá suspender ó socio traballador no seu emprego, conservando este todos os seus dereitos económicos como se continuara prestando o seu traballo”. Desta norma pódese deducir que tanto a suspensión de emprego como a súa excepción dos dereitos económicos se refiren á condición de traballador.

É importante sinalar que a Lei Xeral de Cooperativas, ó regula-las cooperativas de traballo asociado (artigos 118 a 126), recolle disposicións que substancialmente se refiren á condición de traballador (aspecto laboral), o cal supón que o réxime xurídico da condición de socio é o xeral. Ademais, a Lei 3/1987 non regula a posibilidade de suspensión cautelar da condición de socio no caso de expulsión. Limítase a dicir, no artigo 38.3, que “o acordo de expulsión será executivo dende que sexa notificada a ratificación do Comité de Recursos ou, no seu defecto, da Asemblea Xeral, ou dende que transcorra o prazo para recorrer perante os mesmos”.

Polo contrario, a Lei de Cooperativas 27/1999, de 16 de xullo, prevé no artigo 18.5.2 que “non obstante poderá aplicarse o réxime de suspensión cautelar previsto no artigo anterior”, referíndose ó artigo 17.5.3, no que –a propósito da baixa obrigatoria- se sinala que “o Consello Rector poderá establecer con carácter inmediato a suspensión cautelar de dereitos e obrigas do socio ata que o acordo sexa executorio se así prevén os estatutos, que deberán determina-lo alcance da devandita suspensión”.

II. Comentario

O tema obxecto do proceso redúcese a determinar se a suspensión de emprego, coa soa reserva ou exclusión dos dereitos económicos, decretada polo Consello Rector como consecuencia do acordo de expulsión, comporta a perda dos dereitos políticos consubstanciais á condición de socio.

Se temos en conta que a Lei aplicable no presente suposto é a Leu 3/1987, Xeral de Cooperativas, e concretamente as normas que regulan as cooperativas de traballo asociado (artigos 118 a 126), estas normas só recollen disposicións que se refiren ó aspecto laboral do socio traballador, o que nos leva a supor que o réxime xurídico da condición de socio é o xeral; poderíamos considerar aplicables, entón, as normas recollidas nos artigos 37 e 38 da citada Lei.

Dentro destas normas, deben ser destacadas as distincións que se trazan respecto das sancións que poden imporse ós socios segundo a clase de falta cometida, e que poderán ser económicas, de suspensión de dereitos sociais

ou de expulsión. O que se pode interpretar no senso de que unha sanción que implique a suspensión de emprego non afecta á suspensión de dereitos fundamentais do cooperativista como socio, dereitos de tanta relevancia como a asistencia á Asemblea e o dereito de voto.

Por outra banda, se examinámo-la letra do artigo 120 da Lei 3/1987, relativo ó réxime disciplinario aplicable nas cooperativas de traballo asociado (segundo o cal a cooperativa, a través do seu Consello Rector, poderá suspender ó socio traballador no seu emprego, conservando os seus dereitos económicos como se continuara prestando o seu traballo) podemos constatar que non alude ós dereitos do cooperativista na súa cualidade de socio. Este precepto limitase a regular especialidades do réxime disciplinario laboral, polo que é necesario –como xa apuntabamos- acudir ás normas xerais cando o que se dilucida é a condición de socio do cooperativista.

¿ARBITRAXE ESTATUTARIO?

Miguel Ángel BOUZA

- I.- A sentencia do Tribunal Supremo de 30 de novembro de 2001 enfróntase cunha cláusula de sometemento a arbitraxe contida nos estatutos dunha sociedade civil. Cláusula segundo a cal a resolución de tódalas cuestións litixiosas sobre a interpretación e aplicación dos estatutos, sempre que as disposicións vixentes o permitan, se someterán o Tribunal Arbitral de Barcelona de l'Associació Catalana d'Arbitratge. Cláusula que segundo sexa válida ou inválida determina a incompetencia ou a competencia dos tribunais da xurisdicción civil para o coñecemento da disolución e liquidación da sociedade, de acordo co disposto nos mesmos estatutos.
- II. Pois ben, cambiando o enfoque adoptado polo Xuíz de Instancia e mais polo Tribunal de Apelación, o Tribunal Supremo sostén, en primeiro lugar, que o sometemento a arbitraxe da interpretación e aplicación das cláusulas estatutarias dunha sociedade civil é un pacto válido de acordo coa liña xurisprudencial iniciada na súa Sentencia de 18 de abril de 1998; en segundo lugar, que a disolución e maila liquidación da sociedade son dúas cuestións abranguidas no pacto de submisión a arbitraxe; e en terceiro lugar, que a validez do pacto comporta a incompetencia dos tribunais da xurisdicción civil para a resolución do fondo do asunto.
- III. A existencia desta cláusula de sometemento a arbitraxe nos estatutos dunha sociedade civil permítenos realiza-las tres observación seguintes:

Primeira, nos parece tamén posible a introducción de cláusulas de sometemento a arbitraxe nos estatutos dunha sociedade cooperativa. Este procede-

mento de resolución dos conflictos pode permitir unha maior celeridade na solución das disputas, unha maior discreción sobre a existencia da controversia sen necesidade de darlle publicidade e, por último, unha maior especialización si se conta cun árbitro experto en cooperativas, nembargantes esta vantage pode quedar algo diluída se para a súa designación se acude a sistemas nos que exista unha lista de expertos en arbitraxe, pero se cadra con poucos coñecementos en materia cooperativa.

Segunda, a inclusión de cláusulas de sometemento a arbitraxe nos estatutos da cooperativa parécenos valida, incluso parécenos posible que os árbitros poidan resolver cuestións non previstas nos estatutos, estas lagoas poderán ser resoltas sempre que a cláusula de submisión sexa o suficientemente ampla como para entender que non só se somete a interpretación dos estatutos, senón tamén a súa posible integración ou calquera discrepancia no funcionamento societario. Pola contra, pensamos que non se poderán someter a arbitraxe aquelas cuestións indisponibles polas partes sendo inválida esa cláusula.

E terceira, o sometemento a arbitraxe require, segundo a Lei de arbitraxe, un pacto expreso, pacto que deberá figurar nos estatutos delimitando temporal, obxectiva e subxectivamente os aspectos sometidos ó sistema de resolución conflictual. Así, por exemplo, poderanse someter a arbitraxe só algunas das cuestións relacionadas co funcionamento da cooperativa, pero non todas. Pola mesma razón tamén nos parece posible que o sometemento afecte non só as cuestións intrasocietarias, senón tamén as relacións non societarias entre a cooperativa e todos ou algúns dos socios, ou incluso a determinadas relacións extrasocietarias entre os socios.

**OS SOCIOS DUNHA COOPERATIVA DE VIVENDAS
DE PROMOCIÓN OFICIAL SON COPROMOTORES E DEBEN
FACER FRONTE A TÓDOLOS GASTOS DA PROMOCIÓN**

Miguel Ángel BOUZA

- I. A Sentencia de 9 de abril de 2001 da Sección Quinta da Audiencia Provincial de Biscaia resolve a reclamación dos socios dunha cooperativa de vivendas de promoción oficial que solicitaban a nulidade dunhas cláusulas contractuais polas que se obrigaban a pagar unhas sobreprimas para cubri-lo custo real das vivendas edificadas.
- II. A Sección Quinta entende, segundo constante xurisprudencia de noso Tribunal Supremo, que os cooperativistas nunha promoción de vivendas de protección oficial non son simples terceiros na adquisición final das vivendas, senón que polo contrario convértense en copromotores da promoción inmobiliaria, e polo tanto nun caso como no analizado deben fazer frente a tódolos gastos derivados da promoción, incluso os gastos derivados das escrituras de declaración de obra nova e división horizontal e a constitución e cancelación de hipotecas para o financiamento da construcción dos inmobilés.

Polo tanto, non son aplicables a estas adquisicións de vivendas as limitacións de prezo establecidas pola normativa administrativa sobre vendas de vivendas de protección oficial destinadas á protección dos terceiros alleos á promoción.

Igualmente, tampouco é aplicable a estas adquisicións de vivendas o artigo 10.1.c) 11º da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios de 1984 na redacción anterior á recibida pola Lei sobre Condicions Xerais da Contratación que consideraba contrario á boa fe e o xusto equilibrio das contraprestacións que na primeira venda de vivendas, o comprador tivese que cargar cos gastos derivados da preparación da titulación que pola súa natureza correspondesen ó vendedor (obra

nova, propiedade horizontal, constitución ou cancelación de hipotecas, e outros), porque a finalidade desta norma era a protección dos terceiros compradores colocados nunha posición inferior á dos vendedores, e non a protección dos cooperativistas convertidos en copromotores.

- III.** En conclusión, parécenos acertada a resolución porque a participación neste tipo de cooperativas comporta a asunción dunha actividade empresarial na que loxicamente se pode conseguir un beneficio pola obtención dunha vivenda en mellores condicións que si se tivera adquirido dun terceiro promotor ou constructor; agora ben, esta operación empresarial tamén pode provocar un resultado negativo consistente na obtención da vivenda a un prezo superior o do mercado ou incluso a perda de gran parte da inversión pola creba ou suspensión de pagamentos da sociedade cooperativa.

**SENTENCIA DA AUDIENCIA PROVINCIAL
DA CORUÑA, DE 19 DE XANEIRO DE 2001
(secc. 4^a, ponente: Carlos Fuentes Candelas)**

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

Resumo

En data 25.01.99 o Xulgado de Primeira Instancia núm. 3 de Ferrol dictou sentencia na que desestimaba a demanda duns socios dunha Sociedade Cooperativa en acción de impugnación duns acordos sociais e que sería recurrida en apelación pola parte demandante perante a Audiencia Provincial que dictaría Sentencia confirmatoria da de primeira instancia, agás no pronunciamiento sobre as costas procesuais.

O Tribunal da apelación entendeu que, ainda que algunhas das consideracións dos demandantes sexan correctas, e non outras da parte demandada ou da sentencia apelada, o resultado desestimatorio da demanda debía producirse igualmente na segunda instancia.

O núcleo do razonamento atópase nos Fundamentos segundo, terceiro e cuarto que, deseguido se transcriben de xeito sintético.

Segundo o Tribunal, o enguedello do asunto radica básicamente en: a oscuridade dos acordos da Asamblea da Cooperativa impugnados; o entrecruzamento da Suspensión de Pagos da Cooperativa e dos dereitos dos demandantes como acreedores (recoñecidos no Convenio) cos seus dereitos como socios e das súas relacións coa Cooperativa, e coa proposta dun convenio coa Xunta tratado na Asamblea litixiosa; que amba-las dúas partes, en especial os apelantes, saltan dunha a outra posición nuns ou outros momentos, segundo os seus intereses.

Na Asamblea litixiosa adoptouse o acordo de aceptar que os socios disconformes puderan marchar causando baixa obligatoria, ainda que non seme-

lla que se tratase dunha baixa obligatoria parecendo un contrasentido o falar de baixa “obligatoria” cando dos acordos da Asamblea non resulta que se califique así pola causa legal (art. 33 da LGC de 1987) ou estatutaria de ter perdido o socio (antes da baixa producir os seus efectos) os requisitos ou a capacidade esixidos para selo, senón só pola sua disconformidade cos acordos ou, mais exactamente, ca proposta de convenio de financiación, algo xurídica mente inadmisible segundo o Tribunal.

Os demandantes pediron con base ós devanditos acordos a baixa obligatoria e xustificada, poucos días despois, solicitando o reembolso das súas aportacións e invocando na súa demanda a procedencia da baixa por causa do art. 32.3 la Lei (a LGC de 1987), sin obter daquela resposta da Cooperativa. Pero sucede que a causa do art. 32.3 é para as baixas voluntarias e esta causa cumpliríase no caso do pleito. A causa legal –sinala o xulgador- debe examinarse polo tipo e natureza da contratación e obrigas ou cargas e gravámenes xurídicos e económicos, en cuestión a soportar pola Cooperativa, o que xustifica as baixas voluntarias decididas por este motivo.

Sendo eso así, a súa eficacia é automática polo soio feito e na mesma data da sua petición á Cooperativa, con dúas limitacións: o incumprimento do prazo de preaviso pode dar lugar a indemnización de danos e prexuizos; e únicamente ós efectos do art. 80 (reembolso de aportacións) tomaráse en conta o término do prazo de preaviso. A Cooperativa aceptou durante a tramitación do xuicio as baixas, ó parecer como baixas voluntarias e sen recoñecer dereito e reembolso por se-lo valor liquidatorio cero.

Ainda que unha baixa voluntaria ou, no seu caso obligatoria e, desde logo, xustificada, deba se-lo con tódalas súas consecuencias e efectos, elo non significa recoñecer undereito incondicional de reembolso. ¿Os demandantes teñen, en concreto, ese dereito? A resposta, segundo o Tribunal, debe ser negativa:

O art. 80 da Lei (LGC de 1987) só se refire ó reembolso das aportacións ó capital en caso de baixa do socio. E osapelantes pretenden que estén incluidas as imposicións das súas contas “bancarias” ou de aforro, á vista ou prazo, na Sección de Crédito da Cooperativa porque, na súa opinión, teñen a consideración de aportacións voluntarias. O Tribunal non está dacordo en absoluto con este prantexamento, o que opon o razoamento que segue.

Os arts. 72 e seguintes da Lei (LGC de 1987) regula o referente ó capital social, constituido por aportacións obligatorias e voluntarias. As imposicións en cuestión non teñen esa significación ou natureza nin cumplen os seus requisitos, senón as correspondentes ós contratos bancarios ou crediticios segundo o pactado entre o impositor e a Cooperativa a través de súa Sección de Crédito, algo distinto e, desde logo, sin a nota de permanencia propia das aportacións ó pasar éstas a formar parte do capital social (art. 75.2). Consonante razoa a Audiencia, segúramente encaixarían na norma sobre “prestacións e

financiacións que non integran o capital social” do art. 81 (LGC de 1987), particularmente no seu número 2 e, no seu caso, dentro das “operacións con terceiros” permitidas a socios do art. 5.2. E ainda mais: si foran aportacións voluntarias non terían dado lugar ó seu recoñecemento como dereito de crédito de acreedores na suspensión de pagos.

Anotación

Dúas cuestións básicas son obxecto de exáme polo Tribunal xulgador: as consecuencias que produce a baixa do socio da Cooperativa ós efectos da devolución das aportacións; e a distinción entre aportacións que integran o capital social e aportacións que non integran o capital social.

No primeiro caso, o Tribunal corrixe a calificación da baixa que fai a parte apelante, clareando a súa verdadeira natureza como de baixa voluntaria, en concreto a contemplada no art. 32.3 da LGC de 1987: o socio poderá darse de baixa cando o acordo da Asamblea Xeral “implique la asunción de obligaciones o cargas gravemente onerosas, no previstas en los Estatutos”, o que, ó parecer, sucede neste caso no que os socios do pleito non estiveron conformes coa proposta de convenio de financiación, o que semella era unha condición necesaria para obter unha axuda financeira da Xunta.

Sen embargo, e como advirte a doctrina (v. PAZ CANALEJO, La Ley General de Cooperativas, en Comentarios al Código de Comercio y Legislación Mercantil Especial, vol. 2º, Madrid, EDERSA, 1994, p. 87) estaríamos ante unha baixa cun claro componente “forzoso”: en efecto, o endebedamento da Cooperativa pode supoñer unha alteración das bases económicas desta de xeito que elo implique unhas cargas que poden non ser asumibles para algúns socios o que xustificaría a súa baixa. O tratamento legal deste tipo de baixa na nova Lei estatal de Cooperativas é prácticamente idéntico (art. 17.4 da LC de 1999). Pola súa banda, na Lei autonómica galega tamén califícase esta baixa como de “xustificada” [art. 20.3.a) da LCG de 1998], co que temos tipificada legalmente un tipo concreto de baixa de esta clase, sendo o seu trámite semellante ó da Lei estatal.

Xa que logo, producida a baixa procedería a devolución das aportacións segundo o establecido polo art. 80 da LGC de 1987, sen que procedan as deduccións (de matiz sancionatorio) que figuran no mesmo precepto, no párrafo terceiro b). Reembolso que neste caso –segundo estima a Audiencia– non procedería.

En efecto, sobre o carácter das “imposicións” feitas polos cooperativistas e que constitúen obxecto de debate no pleito, hai que dicir que segundo a sentencia comentada non son aportacións por non cumplir os seus requisitos, sa-

lentándose a falta da nota de permanencia, característica das aportacións que pasan a integraren o capital social. Polo contrario, poden ser subsumibles (“seguramente” segundo o texto da resolución) na figura do art. 81de LGC de 1987, que se refire ás prestacións e financiacións que non integran o capital social e, en concreto, no seu núm. 2 a “los bienes de cualquier clase entregados por los socios para la gestión cooperativa y, en general, los pagos para la obtención de los servicios cooperativizados” (en términos casi idénticos: art. 52.3 da LC de 1999); ou, tamén, “no seu caso”, dentro das “operacións con terceiros” permitidas ós socios do art. 5.2 (tamén da LGC de 1987). En definitiva, integrarían a “masa de xestión económica” formada polas achegas que fan os socios á Cooperativa para a súa xestión e da que o problema clave consiste en determinar a súa titularidade. Non integran o capital social –non son inversións de risco-, pero ¿integran o patrimonio da Cooperativa ou permanecen no do socio? Para o xulgador a súa natureza é a mesma que a derivada dun contrato bancario ou crediticio (ámbito no que os depósitos ou imposicións feitos polo cliente pasan a ser propiedade da entidade de crédito, que se obriga a devolver outro tanto –depósito irregular con especialidades-) respaldando o seu recoñecemento como crédito a favor dos socios: éstes viron como as súas pretensions atoparon o seu recoñecemento “como derecho de crédito de acreedores na suspensión de pagos” a que alude a Sentencia comentada, a través do correspondente Convenio aprobado xudicialmente. Endebén, descoñecemos aquí o rango ou cualidade de tal crédito. Segundo a Sentencia comentada podería ser a de acreedores comúns (ou , no mellor dos casos, escriturarios).

Segundo a LGC de 1987 (art. 81.2, precepto que aplica a Sentencia) estas prestacións ou financiacións a prol da Cooperativa non integran o capital social e habería de estarse ó que determinasen as condicións fixadas entre o socio e a sociedade. A mellor doutrina (v. VICENT CHULIÁ, en La Ley General de Cooperativas, en Comentarios al Código de Comercio y Legislación Mercantil Especial, vol. 3º, Madrid, EDERSA, 1994, p. 309) interpretallo no sentido que “si nada se dice, la Cooperativa recibe las entregas y pagos no a título de propiedad, sino por cuenta e interés del socio, para la gestión cooperativa”, ainda que “si expresamente se pacta la compraventa, lo acordado prevalecerá sobre lo establecido en la Ley” e “si los bienes entregados se confunden con otros, habrá que entender también que la Cooperativa ha adquirido su propiedad”. É decir que, a título de hipótese, neste caso, cabería entender tamén que estiveramos ante uns acreedores de dominio.

En relación ó dereito vixente que nos afecta mais directamente, na Lei autonómica galega de cooperativas de 1998 contemplanse estes financiamentos que non integran o capital social (art. 65.3: “A entrega polos socios de calquera tipo de bens ou a prestación de servicios para a xestión cooperativa e en xeral os pagamentos para a obtención dos servicios cooperativizados non integran o capital social e están suxeitos ás condicións fixadas e contratadas

coa cooperativa. Aquelas entregas non integran o patrimonio da cooperativa e non poden ser obxeto de embargo polos acreedores sociais"). Esto pode dar lugar a problemas de índole diversa (por exemplo, a desprotección dos terceiros acreedores da cooperativa), ainda que parece que o sentido da norma é clara e actuaría como límite das condicións accordadas polo socio coa cooperativa. Compre decir, por outra parte, que tamén a lei galega contempla no mesmo precepto outras fórmulas de financiamento que tampouco integran o capital social: ademais das cotas de ingreso ou periódicas –non reintegrables– está a emisión de obrigas, financiamento voluntario baixo calquera modalidade xurídica cando se trate de emisións en serie, emisión de títulos participativos, contas en participación...

Os instrumentos regulados na Lei estatal de Cooperativas de 1999 (LC) son semellantes, ainda que o seu contido normativo manifesta diferencias relevantes: así, en relación as entregas equivalentes ás do art. 65.3 da LCG, non se pronuncia verbo da súa integración no patrimonio da cooperativa e a súa titularidade, senón que se remite “as condicións fixadas e contratadas coa sociedade cooperativa”. Outros recursos financeiros da mesma índole contemplados na LC serían os procedentes de socios ou terceiros có carácter de subordinados baixo a forma de participacións, os amparados baixo xalquera modalidade xurídica cando se trate de emisións en serie, emisión de títulos participativos co carácter de valores mobiliarios e, finalmente, as contas en participación.

**SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 4 DE MAYO DE 2001
(sala 1^a., ponente: Francisco Marín Castán)**

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

Resumo

O T.S. falla nesta Sentencia desestimar o recurso de casación interposto en representación dunha Sociedade Cooperativa contra a sentencia dictada en data 29 de xaneiro de 1996 pola Sección Cuarta de Audiencia Provincial de Cádiz resolvendo a suá vez un recurso de apelación, con imposición de costas á recurrente en casación. Transcríbense deseguido de xeito sintético os fundamentos legais da Sentencia do Trubunal Supremo.

O motivo do recurso está fundado en infracción da Disposición Transitoria 1^a da LGC de 19.12.74, en relación co art. 12 da Lei de Cooperativas de 02.01.1942. A cuestión que se prantexa é a seguinte: a Cooperativa recurrente alega a pérda da condición de socio dos demandantes de forma automática, sen necesidade de formalización ningunha, por ter éstes deixado de abonar as cotas correspondentes.

O art. 12 da Lei de Cooperativas de 1942 remítase nesta materia ó que dispuxeran os Estatutos: por elo o motivo propon que a baixa dos socios que non pagaran as suas cotas era absolutamente automática.

A Cooperativa recurrente alega a aplicabilidade da Lei de Cooperativas de 1942 xustificada pola continuación da vixencia da mesma como norma de carácter regulamentario ata o desenvolvemento da Lei de 1974, segundo dispon a Disposición Transitoria 1^a de ésta.

O motivo do recurso foi desestimado.

No primeiro lugar, razona o T.S., o automatismo da baixa prevista nos Estatutos pola causa indicada non pode chegar a comportar a baixa dos socios que

deixaran de pagar as cotas sen unha previa identificación, listado ou relación de quén son os que pola dita razón causaban baixa; habería que lles ter recoñecido alomenos a oportunidade de alegar calquera tipo de erro ó respecto.

No segundo lugar, ainda que a disposición transitoria 1^a da Lei “General” de Cooperativas de 1974 prevía a continuación da vixencia da Lei de 1942 como norma de carácter regulamentaria, o apartado 2 do artigo 11 da nova Lei esixía a instrucción de expediente para a expulsión dun socio por falta grave, tipificándose como tal no apartado 3 c) do mesmo artigo o incumplimento reiterado das obrigas económicas ca Cooperativa, non permitindo o principio de xerarquía normativa a subsistencia dun precepto regulamentario oposto ós dereitos básicos recoñecidos nunha norma de rango superior.

Anotación

Hoxe en día é un principio indiscutido que a imposición de toda sanción debe estar precedida dun procedemento que establezca as debidas garantías de, alomenos, previa tipificación da falta, audiencia, alegacións e recursos por parte do suxeito pasivo da sanción, eliminando todo automatismo, o que non parecía que constituira o centro das inquedanzas do lexislador de 1942.

Vemos como na lexislación cooperativa posterior esta preocupación constítue o cerne das normas reguladoras da materia sancionatoria.

Así, a Lei Xeral de Cooperativas de 1987 regulou a causa de expulsión do socio por incumprimento por parte deste das súas obrigas económicas no seu art. 38.2.párr. seg.. Ainda que dita Lei remítiese ós Estatutos da sociedade para a tipificación das faltas (que se clasificaban en leves, graves e mui graves, pudendo ser as primeiras tipificadas tamén polo Regulamento de Réxime Interno ou pola Asamblea Xeral), a propia norma contemplaba este específico suposto cunha dupla característica: a do efecto de poder provocar a expulsión de socio e a da súa imprescriptibilidade ó lle non ser aplicables os prazos de prescripción das infraccións do artigo 37.2. Vemos logo que poderíamos considerar éste como un tipo de falta mui grave ou “agravado”. En calqueira caso non había “automatismo” na expulsión, sendo necesario seguir co procedemento establecido ó efecto: acordo do Consello Rector mediante expediente e con audiencia do interesado, posibilidade de recurrilo ante o Comité de recursos ou a Asamblea Xeral, sendo executivo desde a súa notificación e contra o que cabería a súa impugnación en vía xudicial. O lle reembolsar ó expulsado as aportacións, serían de aplicación as deducións do artigo 80 ata o 30 por 100, ou incluso ata o 40 por 100 si entendemos de aplicación ó caso o artigo 32.2

No párrafo segundo do artigo 26.2 da Lei galega de cooperativas de 1998 atopámonos ca mesma crás de tipo “agravado”: “cando a causa de expulsión

sexa encontrarse o socio ó descuberto das súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescripción establecidos no artigo anterior, pudiendo acordarse a expulsión en calquera momento, agás que o socio regularice aúa situación durante a tramitación do expediente". Polo demais, no mesmo art. 26 (núm.1), determinase que "a expulsión só poderá ser acordada polo órgano de administración, por falta moi grave tipificada nos Estatutos, mediante expediente instruido para o efecto e con audiencia previa do interesado, podendo formalizarse mediante alegacións por escrito".

En relación a vixente Lei estatal de cooperativas de 1999, segundo o seu artigo 18.5, "la expulsión de los socios sólo procederá por falta muy grave" (que estaría previamente tipificada nos Estatutos: art. 18.1). Non hai aquí tipo agravado por incumplimento das obrigas económicas pola parte do socio. Pero para este caso, a sanción prevista pola Lei (art. 18.4) consiste na suspensión: "la sanción de suspender al socio en sus derechos, que no podrá alcanzar al derecho de información ni, en su caso, al de percibir retorno, al devengo de intereses por sus aportaciones al capital social, ni a la actualización de las mismas, se regulará en los Estatutos sólo para el supuesto en que el socio esté al descubierto de sus obligaciones económicas o no participe en las actividades cooperativizadas, en los términos establecidos estatutariamente". No aspecto procedural, remítese ós Estatutos, que deberán axustarse ás pautas establecidas na propria Lei (art. 18.3).

As demais leis autonómicas do Estado, tamén esixen para a expulsión a previa instrucción de expediente por incurrir o socio en falta mui grave, coas lóxicas variantes tanto no campo procesual como material excedendo a tal exposición os límites desta anotación.

En resumo, poderíamos decir que a tendencia seguida pola legislación cooperativa en materia sancionatoria foi a de remitir a regulación sustantiva ós Estatutos de cada sociedade, o que nos leva a preguntarnos sobre os límites que neste senso éstes deben respetar. A este respecto, MORILLAS JARILLO (Curso de cooperativas, Madrid, Tecnos, 2000, p. 203) entende que a libertade dos Estatutos non é omnímoda "porque ello sería tanto como dejar en manos de la sociedad (o de la mayoría necesaria para aprobar la modificación estatutaria) el derecho del socio a permanecer adherido a la cooperativa. Por ello, no podrán los estatutos calificar de muy graves o graves causas que materialmente no lo sean: debe, en este punto, imponerse, como requisito, la proporcionalidad entre la conducta y esta grave sanción, así como la equivalencia entre las conductas constitutivas de este tipo de infracciones, de maneira que esta sanción no resulte chocante..."

Outra reflexión que xurde na campo do dereito sancionatorio nas cooperativas é o que se refiere á executividade da sanción: "el acuerdo de expulsión será ejecutivo desde que sea notificada la ratificación del Comité de Recursos o, en su defecto, de la Asamblea General, o haya transcurrido el plazo

para recurrir ante los mismos” (art. 38.4, LGC de 1987); “acuerdo de expulsión será ejecutivo una vez sea notificada la ratificación del Comité de Recursos o, en su defecto, de la Asamblea General mediante votación secreta, o cuando haya transcurrido el plazo para recurrir ante los mismos sin haberlo hecho” (art. 18.5.párr.seg., LC de 1999); no mesmo sentido a Lei de cooperativas de Galicia de 1998: “será ejecutivo desde que sexa notificada a súa ratificación ou transcorrese o prazo para recorrer ante o devandito órgano”. Compre indicar aquí que a sanción pode ser impugnada en vía xudicial. No caso de que aquela fora anulada tendo sido xa aplicada e cumplida, pódese producir unha situación na que a remoción dos prexudiciais efectos que elo xenera -ó socio sancionado e tamén a terceiros- presente serias dificultades. Como recorda ROMERO CANDAU (en AAVV, Comunidades de Bienes, Cooperativas y otras formas de Empresa, Madrid, Colegios Notariales de España, 1996) “a tenor del criterio sentado por el Tribunal Constitucional en su sentencia de 21 de marzo de 1994, será aconsejable que se difieran los plenos efectos hasta que recaiga la oportuna sentencia firme. En el caso de autos, un socio de una Cooperativa de Viviendas había sido expulsado de la misma por graves insultos y la vivienda que a él habría de adjudicársele fue atribuida a un tercero, una vez perdida su condición de socio. La decisión de expulsión fue anulada por el Juzgado de primera instancia y, en consecuencia, también la ulterior adjudicación...” Neste sentido, pódese indicar que tanto a Lei estatal de 1999 (arts. 31.5 por remisión do art. 18.3.párr. último) como a Lei autonómica galega de 1998 (art. 40.6 por remisión de art. 26.2.párrafo segundo) prevén a posibilidade de solicitar a suspensión cautelar do acordo impugnado, ca limitación de que só pode ser solicitada polos interventores ou polos socios que representen, alomenos, o vinte por cento do total dos votos sociais en ámbos dous casos. Tamén os dous corpos legais citados prevén que a sentencia estimatoria da acción de impugnación, aínda que producirá efectos fronte a todo los socios, non afectará os dereitos adquiridos por terceiros de boa fé a consecuencia do acordo impugnado (arts. 40.7 da LCG de 1989 e 31.6 da LC de 1999).

Finalmente, segundo sexan as circunstancias do caso, convén facer unha alusión a posibilidade de suspender ó socio afectado por un expediente de sanción de que sexa suspendido cautelarmente nos seus dereitos e obrigas entrambres o acordo de sanción non sexa ejecutivo e si así está previsto nos Estatutos, segundo se establece na LC. A tal suspensión non abarcará o seu derecho de voto na Asamblea Xeral mentres o acordo non sexa ejecutivo, o que impón a presencia do socio no organo supremo da Cooperativa nun período delicado caracterizado precisamente pola confrontación de intereses que, obviamente se estará producindo entre o socio e a Cooperativa (arts. 18.5. párr. seg. y 17.5. párr. tercero, segundo inciso da LC).

**SENTENCIA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE TOLEDO,
DE 9 DE MAIO DE 2001 (secc, 1^a, ponente: Julio Tasende Calvo)**

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

Resumo

En data 20.09.00 o Xulgado de Primeira Instancia núm. 1 de Orgaz dictou sentencia na que desestimaba a demanda dunha Sociedade Cooperativa de segundo grao contra outra Sociedade Cooperativa integrada na primeira, reclamando a posta ó seu dispor da parte non entregada da produción de aceite correspondente á campaña 98-99, ó considerar a súa baixa como inxustificada. Apelada a Sentencia pola Cooperativa de segundo grao, a Audiencia Provincial de Toledo dictaría Sentencia desestimando o recurso con condena nas costas da apelación á apelante.

Transcribimos deseguido, de xeito sintético, os fundamentos xurídicos da devandita Sentencia da Audiencia Provincial de Toledo.

Comenza o Tribunal indicando que no art. 32 da “Ley General de Cooperativas” de 1987 (LGC) recoñéce-se un principio xeral de libertade de saída ou de autoexclusión da Cooperativa: a declaración do socio expresando a súa vontade de separarse ten un carácter natural e non recepticio.

A baixa do socio prodúcese automáticamente dende o intre que o socio comunica á Cooperativa a súa decisión, sendo a única consecuencia que produce o incumprimento do prazo de preaviso fixado nos Estatutos a da indemnización dos danos e prexuzos a prol de ésta e a cargo do socio; debendo acreditar a Cooperativa demandante que se lle ten producido algún dano ou prexuzo.

A facultade do Consello Rector de cualificar a baixa dun socio de xustificada ou non, refírese, segundo o prevenido no art. 32.2 da LGC, exclusiva-

mente ó suposto de que a tal baixa voluntaria pretenda facé-la efectiva o socio antes de transcurrir o tempo polo que se comprometeu a permanecer na Cooperativa, fixado nos Estatutos e que non pode ser inferior a cinco anos, ou antes de finalizar o respectivo exercicio económico, pero non cando a baixa se ocasionase despois de ter ultrapasado eses términos.

Así pois, coma segue a razonar o Tribunal da apelación, xa que a sociedade demandada causou baixa na Cooperativa actora e apelante pasado xa dúbido o término de permanencia de tres anos, fixado nos estatutos, ésta non ten facultades ningunhas para cualificar de xustificada ou non a baixa voluntaria, a cal é perfectamente admisible, acordo coa expresada doutrina interpretativa do artigo 32 da LGC en relación co art. 12 dos Estatutos.

A Audiencia rexeita a petición de indemnización de danos e prexuzos interesados na demanda: por non se vencellar dita reclamación o incumprimento efectivamente producido do prazo de preaviso de tres meses fixado nos Estatutos da Cooperativa actora e apelante para a baixa voluntaria (sinon que se basea no incumprimento que lle atribue á demandada de non entregarla producción litixiosa, art. 1.101 do C.c.) e por non ter sido os tales danos e prexuzos concretados nin probados no xuizo.

Anotación

Consecuentemente co principio cooperativo de “porta aberta”, o socio dunha Cooperativa terá libertade para saír dela en calquera intre, causando baixa na mesma, sin mais que cumplir co preaviso dirixido ó Consello Rector formulado no prazo determinado nos Estatutos. Sen embargo, os Estatutos poden modular esa libertade establecendo dúas crases de limitacións á mesma, como desegundo se verá. Esta materia, contemplada no art. 32 da “Ley General de Cooperativas” (LGC) de 1987, está regulamentada con matices distintos nas diversas Leis de Cooperativas do Estado e das Comunidades Autónomas. Limitamos aquí a nosa visión á Lei de Cooperativas de Galicia de 1998 (LCG) e á Lei estatal de Cooperativas de 1999 (LCG) vixentes.

A LGC de 1987 (art. 32.2) –que é a norma de aplicación no caso da Sentencia que se anota- outorgaba ós Estatutos de cada sociedade á posibilidade de limitar de duas maneiras á libertade do socio saír da Cooperativa: unha esixindo o compromiso do socio de se non dar de baixa voluntariamente ata o final do exercicio económico no que se quera separar; outra, esixindo o mesmo compromiso de permanecer obligatoriamente un tempo mínimo na Cooperativa pero non superior a cinco anos. Ainda así, o incumprimento do socio dalgúnha destas limitacións – si se contemplasen nos Estatutos- non impediría que o socio pudera causar baixa: ben porque o socio invocase unha causa que lle dera tal derecho a separación –caso no que nos atoparíamos ante

unha baixa xustificada-; ben, sinxelamente, que o socio desexase por riba de todo exercer o seu dereito subxetivo a causar baixa da Cooperativa, ainda que non tiveran transcurrido os prazos de permanencia indicados anteriormente que poderían estar contemplados nos Estatutos –caso este no que a baixa sería inxustificada, e logo con posibles penalizacións-.

En efecto, sempre que estivera previsto os Estatutos, o incumprimento de algúns dos sinalados compromisos podía ter para o socio afectado certas consecuencias de carácter sancionatorio: que a Cooperativa lle esixera o seguir a prestar os seus servicios no período que lle restara segundo o compromiso ou, no seu defecto, a correspondente indemnización de danos e prexuizos; que a Cooperativa considerase que a baixa producíuse ó final daquel período ós efectos de computo do periodo de reembolso de achegas (art. 80 da LGC); que, ó lle reembolsar as achegas, a súa devolución quedase gravada, feitas as deduccións por pérdidas imputadas ó socio, se o prevén os Estatutos, cun incremento de ata o 10 por 100 das deduccións sobre as achegas obligatorias (estas últimas non podían ser superiores ó 20 por 100 no caso de baixa voluntaria non xustificada).

A LCG de 1998 (art. 20) outorgalle a esta materia un tratamiento semellante ainda que con certas diferencias: no primeiro lugar, o tempo máximo polo que os Estatutos poden esixir un compromiso de permanencia do socio na Cooperativa non pode ser superior a dez anos; no segundo lugar, no caso de incumprimento do compromiso, a Cooperativa pódelle esixir ó socio a súa participación nas actividades e servicios cooperativizados polo tempo do compromiso ou, no seu defecto, a correspondente indemnización de danos e perdas. Por outra parte, sería de aplicación a dedución prevista no art. 64.1 para o caso de baixa non xustificada: previo cómputo das perdas, de ata un 20 por 100 sobre as achegas obligatorias.

A LC de 1999 (art. 17), pola súa parte tamén autoriza que os Estatutos podan esixir ós socios o repetido compromiso de se non dar de baixa voluntariamente ata o final do exercicio económico no que queira causar baixa ou ata que teña transcurrido o tempo que aqueles fixen, que non poderá ser superior a cinco anos. No caso de incumprimento (art. 51.3) a sanción que poden prever os Estatutos é a dunha deducción sobre a liquidación das achegas obligatorias (feitas as deduccións por perdas) de ata un 30 por 100.

**SENTENCIA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE CORDOBA, DE 2
DE XUÑO DE 2001 (secc. 1^a., ponente: Eduardo Baena Ruíz)**

Xacobo IZQUIERDO ALONSO

Resumo

A Audiencia rexeita o recurso formulado pola Cooperativa demandada contra a Sentencia de data 13.03.01, dictada polo Xulgado de Primeira Instancia núm 2 de Montoro, en mérito os fundamentos xurídicos que a continuación se transcriben de xeito resumido.

A parte demandada álzase contra a sentencia de instancia invocando dous motivos: dunha parte, vulneración de doutrina legal (o xuíz pretende valorar a conducta do socio en troques de se limitar a constatar si existe base razoable para que os órgaos da Cooperativa tomen a correspondente decisión); por outra parte, erro na valoración da proba e interpretación da mesma.

O primeiro motivo perece: a capacidade para adoptar os acordos de expulsión por parte do Consello e da Asamblea que resolve os recursos interpostos contra aqueles, non exclúe o control xudicial dos acordos adoptados polas devanditas entidades (art. 52 da LGC); compre ter en conta, ademais, cando se trata de sociedades de capital, ou de aportacións de bens e non meras asociacións, que o acordo social de expulsión non só supón para o socio perde-la súa condición de tal, senón tamén os dereitos propios a tal condición, que se traduce nun prexuizo económico o mesmo.

Citando a Audiencia a Sentencia do Tribunal Constitucional de 21 de marzo de 1994, expon que o quedar o control xudicial só na “base razoable” non será de aplicación nos supostos nos que, pola natureza da asociación, a exclusión dun socio supón “un prexuizo significativo para o particular afectado”.

E cando se trata de cooperativas a lexislación expresamente prevé a posibilidade de impugnación perante os Tribunais dos Acordos sociais, incluidos

os de expulsión dos socios cooperativistas, sen limitación ningunha no coñecemento xudicial.

Xa que logo, respeito ó acordo maioritario sí, mas control xudicial, a través do dereito de impugnación, para que ningunha minoría poida verse prexudicada na súa cualidade de socio, sufrindo un prexuízo siñificativo.

A Audiencia, despois de puntualizar que non cabe sanción ningunha que non o sexa polos feitos que motivaron o expediente de a tal natureza (esistencia do principio de audiencia do interesado), íntimamente vencellado ó seu dereito fundamental de defensa, entende que os feitos que motivaran un pleito anterior seguido ante o Xulgado de Primeira Instancia e que fora promovido polo socio aquí recurrido e no que na correspondente demanda se formulaban certas afirmacións sobre os membros do Consello Rector da Cooperativa, non poden servir para fundamentar unha sanción tan grave como a de expulsión dun socio da cooperativa, agás ca sentencia que remate o pleito declare o temerario e infundado do mésimo, pois, do contrario, sería tanto coma cercenar a un ciudadán a tutela dos seus dereito e a defensa dos seus intereses.

Polo tanto, expon a Audiencia, o seguimento dun pleito por un socio cooperativista contra a sociedade, agás a temeridade declarada polo órgao xudicial, mala fé ou fraude procesal, non pode ser motivo de sanción estatutaria: elo impediría a tutela dos seus intereses que, coma dereito fundamental, todos disfrutamos na súa concreta consideración legal.

Termina a Audiencia valorando as declaracíons feitas tamén a diversos medios de comunicación no seu día polo socio demandante e recurrido e que tamén motivaron a incoación do expediente sancionador, desestimando en tódolos casos que tales manifestacións xustifiquen a súa expulsión e elo en base a distintas consideracións: non existencia de violación de segredos, non constar a fonte de información, e o contido do declarado non é de entidade dabondo coma para provoca-la sanción de expulsión, pois elo atacaría o principio de proporcionalidade.

Anotación

A Sentencia de Audiencia Provincial de Córdoba prantexa fundamentalmente a cuestión do control xudicial dos acordos da Asamblea Xeral de socios nas Sociedades Cooperativas e, en concreto, do acordo de expulsión dun socio, sostendo, en mérito a doutrina establecida polo Tribunal Constitucional, que pola súa propia natureza, non se debe producir limitación ningunha no coñecemento xudicial do mésimo, exercítándose o tal control a través do dereito de impugnación que se recoñece, con requerimentos específicos segundo o caso, ós socios cooperativistas.

O art. 52.1 da “Ley General de Cooperativas” de 1987, admite, en efecto, a impugnabilidade de “los acuerdos de la Asamblea General que sean contrarios a la Ley, que se opongan a los Estatutos, o lesionen, en beneficio de uno o varios socios, asociados o terceros, los intereses de la Cooperativa” e todo elo, como se pon de manifesto nos restantes apartados do precepto citado, dentro dun réxime de impugnación que é tributario no seu contido da normativa reguladora das Sociedades Anónimas. O que, para o concreto caso do acordo de expulsión resultaría reforzado no artigo 38.4 da mesma LGC de 1987, que establecía a impugnabilidade do acordo de expulsión no prazo de dous meses dende que éste adquire carácter executivo e precisamente polo cauce procesual establecido no precitado art. 52. Obviamente dada a trascendencia dun tal acordo –para o socio expulsado e tamén, no seu caso, para a propria Cooperativa- como ben razoa a Audiencia, non se pode excluir o control xudicial neste ámbito. Control exhaustivo que atenderá non soio os aspectos formais polos que escorrega o proceso sancionatorio, sinon que abrange tamén aspectos mais sustantivos, como si se garda o criterio de proporcionalidade entre a conducta que motiva o expediente e a sanción que se intenta impoñer.

A impugnabilidade do acordo de expulsión do socio está contemplada na Lei galega de cooperativas de 1998 e na vixente Lei Estatal de Cooperativas de 1999 (LC), entre outras normas de rango legal autonómico. Na LG (art. 26.2.p.árr.segundo), establece-se tamén que o acordo de expulsión pode ser impugnado xudicialmente pola canle procesual establecida na propia Lei (art. 40) para a impugnación de acordos da asamblea xeral, que é o establecido nos artigos 115 a 122 do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas. A LC (art. 18.3) tamén remite, para a impugnación xudicial, ó cauce para a impugnación de acordos da asamblea xeral, en concreto, cita os artigos 118 a 121 do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas. Compre advertir que estes preceptos da Lei de S.A. resultaron afectados pola Lei de Enxuciamento Civil de 7 de xaneiro de 2000, que os derroga ou modifica e consonte a cal, a tramitación xudicial a seguir será a do xuicio ordinario.

Cabe aludir, finalmente, ó alcance que pode ter nesta materia de impugnabilidade dos acordos da Asamblea Xeral, o disposto na disposición adicional 10^a da LC, que admite o sometimento a arbitradores as discrepancias que se pratexasen nas cooperativas, entre o Consello Rector e mai-los apoderados, o Comité de Recursos e os socios, sin quedar excluidos desta posibilidade nin as pretensiós de nulidade da Asamblea Xeral nin a impugnacións dos acordos asamblearios ou rectores, ainda que o arbitrador non poderá pronunciarse sobre aqueles extremos que estan fora do poder de disposición das partes.

